



**XUNTA  
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2023-2024  
DEPARTAMENTO DE INGLÉS  
EOI VIGO**

# ÍNDICE

## **1. INTRODUCCIÓN**

- 1.1 Marco legal
- 1.2 Contexto educativo

## **2. PROGRAMACIÓN POR NIVEIS**

### **2.1 NIVEL BÁSICO**

#### **2.1.1 NIVEL A1**

- 2.1.1.1 Obxectivos Específicos
- 2.1.1.2 Competencias e contidos
  - 2.1.1.2.1 Socioculturais e sociolingüísticos
  - 2.1.1.2.2 Estratéxicos
  - 2.1.1.2.3 Funcionais
  - 2.1.1.2.4 Discursivos
- 2.1.1.3 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos
- 2.1.1.4 Criterios de avaliación
  - 2.1.1.4.1 Avaliación e baremos A1
- 2.1.1.5 Temporalización
- 2.1.1.6 Recursos

#### **2.1.2 NIVEL A2**

- 2.1.2.1 Obxectivos Específicos
- 2.1.2.2 Competencias e contidos
  - 2.1.2.2.1 Socioculturais e sociolingüísticos
  - 2.1.2.2.2 Estratéxicos
  - 2.1.2.2.3 Funcionais
  - 2.1.2.2.4 Discursivos
- 2.1.2.3 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos
- 2.1.2.4 Criterios de avaliación
- 2.1.2.5 Temporalización
- 2.1.2.6 Recursos

### **2.2 NIVEL INTERMEDIO**

#### **2.2.1 NIVEL B1**

- 2.2.1.1 Obxectivos específicos
- 2.2.1.2 Competencias e contidos
  - 2.2.1.2.1 Socioculturais e sociolingüísticos
  - 2.2.1.2.2 Estratéxicos
  - 2.2.1.2.3 Funcionais
  - 2.2.1.2.4 Discursivo
- 2.2.1.3 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos
- 2.2.1.4 Criterios de avaliación
- 2.2.1.5 Temporalización
- 2.2.1.6 Recursos

#### **2.2.2 NIVEL B2**

- 2.2.2.1 Obxectivos xerais e específicos
- 2.2.2 Competencias e contidos
  - 2.2.2.1 Socioculturais e sociolingüísticos
  - 2.2.2.2 Estratéxicos
  - 2.2.2.3 Funcionais
  - 2.2.2.4 Discursivos

#### **2.2.2.3 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos B2.1**

2.2.2.4 Temporalización B2.1

2.2.2.5 Recursos B2.1

#### **2.2.2.6 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos B2.2**

2.2.2.7 Temporalización B2.2

2.2.2.8 Recursos B2.2

2.2.2.9 Criterios de avaliación B2.2

### **2.3 NIVEL AVANZADO**

#### **2.3.1. NIVEL C1**

- 2.3.1.1 Obxectivos Específicos
- 2.3.1.2 Competencias e contidos
  - 2.3.1.2.1 Socioculturais e sociolingüísticos
  - 2.3.1.2.2 Estratéxicos
  - 2.3.1.2.3 Funcionais
  - 2.3.1.2.4 Discursivos
- [2.3.1.3 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos C1.1](#)
- 2.3.1.4 Temporalización C1.1
- 2.3.1.5 Recursos C1.1
- [2.3.1.6 Tarefas e contidos sintácticos/léxicos/fonético-fonolóxicos C1.2](#)
- 2.3.1.7 Temporalización C1.2
- 2.3.1.8 Recursos C1.2
- 2.3.1.9 Criterios de avaliación

### **2.3.2 NIVEL C2**

- 2.3.2.1 Obxectivos xerais
- 2.3.2.2 Obxectivos específicos
- 2.3.2.3 Competencias e contidos
  - 2.3.2.3.1 Socioculturais e sociolingüísticos
  - 2.3.2.3.2 Estratéxicos
  - 2.3.2.3.3 Funcionais
  - 2.3.2.3.4 Discursivos
  - 2.3.2.3.5 Sintácticos
  - 2.3.2.3.6 Léxicos
  - 2.3.2.3.7 Fonéticos
- 2.3.2.4 Temporalización
- 2.3.2.5 Tarefas
- 2.3.2.6 Recursos
- 2.3.2.7 Criterios de avaliación

### [2.4 Cursos semipresenciais e cursos integrados](#)

## **3. METODOLOXÍA**

## **4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **5. AVALIACIÓN**

# **1. INTRODUCCIÓN**

## **1.1. Marco Legal**

### **Lexislación vixente sobre a que se basea a programación:**

- A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación foi modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa nalgúns aspectos concernentes ás ensinanzas de idiomas de réxime especial. Así, no seu artigo 59.1, a Lei orgánica 2/2006 establece que estas ensinanzas se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

- O Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, en consonancia co disposto nos artigos 6 bis.1.e) e 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes. Igualmente, o artigo 59.1 da dita lei establece que as ensinanzas do nivel básico terán as características e a organización que as administracións educativas determinen, e o artigo 60.1 dispón que as

ensinanzas de idiomas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán impartidas nas escolas oficiais de idiomas.

- O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

- Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 dos ensinos de idiomas de réxime especial.

- RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2023/24

## **1.2. Contexto Educativo do Centro**

A Escola Oficial de Idiomas de Vigo é un centro docente público que imparte as ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas no artigo 59 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. A finalidade da Escola Oficial de Idiomas de Vigo é capacitar o noso alumnado, maioritariamente adulto, para o uso efectivo das linguas que impartimos e certificar a súa competencia, co obxectivo de fomentar o plurilingüismo entre a poboación, a aprendizaxe e formación permanentes e o respecto e recoñecemento da diversidade lingüística e cultural.

A escola conta con 9 departamentos (chinés, alemán, español para estranxeiros/as, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés), un corpo docente constituído por 107 profesores repartidos entre a sede central e as seccións de Cangas, Coia, Nigrán, Ponteareas, Redondela e Tui.

O alumnado matriculado na EOI de Vigo é moi diverso: en idade, ocupacións, intereses etc. O perfil varía en cada idioma e mesmo depende da franxa horaria da clase. O 85% do alumnado ten idades entre os 20 e 65 anos. Os menores rondan un 10% e tamén hay un pequeno porcentaxe de alumnado maior de 65 anos. Dous terzos do alumnado son mulleres. Tamén hai un grupo numeroso de alumnos con nacionalidade estranxeira procedentes de diversos países.

## 2. PROGRAMACIÓN POR NIVEIS

### 2.1 NIVEL BÁSICO

#### Descrición do Nivel

O alumnado que supere o **nivel Básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

O alumnado que supere o nivel **Básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

#### Obxectivos Xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

#### Nivel A1

**Comprender** a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

**Producir e coproducir** textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

**Producir e coproducir** textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información

persoal moi básica.

## **Nivel A2**

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan rúidos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

**Producir e coproducir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.

**Producir e coproducir** textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

### **2.1.1 NIVEL A1**

#### **2.1.1.1 Obxectivos Específicos**

##### **Actividades de Comprensión de Textos Oraís:**

**Comprender** o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.

**Seguir** un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

**Comprender** instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

**Comprender** a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que conten con apoio visual ou anticipación do tema.

##### **Actividades de Producción e Coproducción de Textos Oraís:**

**Establecer** contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

**Presentarse** e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.

**Participar** en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando

adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

**Interactuar** para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

**Solicitar**, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

#### **Actividades de Comprensión de Textos Escritos:**

**Comprender** carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

**Comprender** instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

**Comprender** información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

**Comprender** información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.

**Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

#### **Actividades de Producción e Coproducción de Textos Escritos:**

**Completar** documentos básicos nos que se solicite información persoal.

**Tomar notas** a partir dunha información moi sinxela e predicible.

**Escribir** mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

**Intercambiar** correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

**Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

#### **Actividades de Mediación:**

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

**Mediar** en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

**Repetir** a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado

axeitado a algunha palabra.

### **2.1.1.2 Competencias e Contidos**

#### **2.1.1.2.1 Socioculturais e Sociolingüísticos**

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

**Vida cotiá:** distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer.

**Condicións de vida:** vivenda, transporte.

**Relacións persoais:** estrutura e relacións sociais e familiares.

**Linguaxe corporal:** expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...).

**Convencións sociais:** fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.

#### **2.1.1.2.2 Estratéxicos**

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo.

**Por unha banda, as estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

**Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

**Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.**

**Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).**

**Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.**

**Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

**Planificar** a estrutura básica do texto.

**Ensañar** o texto oral ou escrito.

**Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.

**Aproveitar** os coñecementos previos.



**Por outra banda, as estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

**Probar** novas expresións.

**Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.

**Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.

**Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.

**Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.

**Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.

**Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.

**Comprobar** hipóteses.

**Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

**Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.

**Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

### **2.1.1.2.3 Funcionais**

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos.

#### **Usos sociais da lingua:**

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.
- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.

#### **Control da comunicación:**

- Manifestar comprensión e incompreensión.
- Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

#### **Información xeral:**

- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.
- Indicar posesión.
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Referirse a accións cotiás presentes.

#### **Opinións e valoracións:**

- Expresar intereses, preferencias e gostos.
- Afirmar e negar algo.
- Mostrar acordo e satisfacción.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

**Estados de saúde, sensacións e sentimentos:**

- Expresar sensacións físicas e sentimentos.

**Petición de instrucións e suxestións:**

- Pedir axuda, obxectos e servizos.
- Invitar, e reaccionar adecuadamente.

**2.1.1.2.4 Discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión.

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

- Formularios
- Listaxes
- Horarios
- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas moi sinxelas

### 2.1.1.3 Tarefas e contidos sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos A1

Tarefa 1		Greeting your classmates and teacher	
Área	Asunto	Medio	Tema
Contactos sociais (en persoa)	Relacionarse coa xente	Escola	Saúdos e presentacións
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 1 & 2		
<b>Obxectivos xerais</b>	Saudar e coñecer aos compañeiros/as e profesor/a		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> Comprender o esencial en situacións no ámbito persoal. Establecer contactos sociais breves usando fórmulas de saúdo básicas. Solicitar a colaboración do interlocutor. Presentarse a un mesmo e ao compañeiro/a.		
	<b>Comprensión lectora</b> comprender mensaxes que conteñan saúdos e presentacións.		
	<b>Escrita</b> completar documentos básicos nos que se empreguen saúdos e presentacións.		
<b>Contidos mínimos</b>	O alumnado será capaz de usar os saúdos básicos. Preguntar o nome do interlocutor e dicir o seu.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	Saying hello; goodbye Introducing people		
<b>Contidos gramaticais</b>	-This is... -Personal pronouns -Affirmative and interrogative form of to be (singular) -Questions and answers: How are you? I'm fine, thanks. And you?; What's your name?		
<b>Contidos fonéticos</b>	-Sons vocálicos e consoánticos. -Entonación en saúdos e presentacións.		
<b>Contidos funcionais</b>	-Saúdos e fórmulas de cortesía. -Presentar a alguén. -Dar as grazas.		
<b>Contidos socio-culturais</b>	USA/UK greetings. Fórmulas de cortesía		
<b>Mediación</b>	Repetir información a terceiras persoas sobre saúdos		
<b>Tipos de texto</b>	Conversacións e formularios.		
<b>Estratexias</b>	Groupwork, pairwork.		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	Speaking Interaction		

Tarefa 2		1, 2, 3 Getting started!	
Área	Asunto	Medio	Tema
Social e de turismo	Contactos Sociais (en persoa)	Escola	Coñecer e darse a coñecer
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 1 & 2B		
<b>Obxectivos xerais</b>	Comprender e producir información referida ao email e ao número de teléfono		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> Comprender a información esencial no email e teléfono. Utilizar fórmulas habituais de inicio e peche da conversa. Presentarse e intercambiar información básica (teléfono e email).		
	<b>Comprensión lectora</b> Comprender textos que inclúan ou soliciten información sobre o email ou o teléfono. Comprender información persoal breve e sinxela.		
	<b>Escrita</b> Completar documentos básicos.		
<b>Contidos mínimos</b>	O alumnado será capaz de dar información persoal breve e sinxela		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	-Greetings (rev) -Numbers (1-100) (0-10) -The alphabet -Phone numbers;emails (@, dot...) -Days of the week		
<b>Contidos gramaticais</b>	-Questions: What is...? -Word order -My/you ; his/her -I/You ; he/she		
<b>Contidos fonéticos</b>	Intonation in questions Ritmo de oración		
<b>Contidos funcionais</b>	Respostas curtas		
<b>Mediación</b>	Preguntar sobre o teléfono dunha terceira persoa		
<b>Tipos de texto</b>	Encher formularios		
<b>Estratexias</b>	Groupwork, pairwork.		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	Personal information questions. / Facer unha listaxe co nome, phone e email das compañeiras.		

Tarefa 3			
Classroom language + understanding student's book			
Área Aprendizaxe	Asunto Seguir un curso na EOI ou no estranxeiro	Medio Aula	Tema Seguir e participar nunha lección
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 1 Practical English & Unit 3 Face2Face Starter 2nd edit. Units 1C, 1D		
<b>Obxectivos xerais</b>	Coñecer e utilizar (como frases feitas) expresións necesarias para seguir unha clase (classroom language)		
<b>Obxectivos específicos</b>	<p><b>Escoita/fala</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pode seguir as mensaxes sinxelas/instrucións do profesor relacionadas coa clase, o libro ou o traballo na casa.</li> <li>- Pode entender peticións sinxelas ou instrucións que teñan que ver con tarefas de aprendizaxe.</li> <li>- Pode usar estratexias sociais para interactuar cos seus compañeiros.</li> <li>- Pode facer preguntas para pedir aclaracións, repeticións, dicir que non entende, preguntar polo significado e pronuncia dunha palabra, etc.</li> </ul> <p><b>Escrita</b> Pode escribir o nome de obxectos da clase sempre que se deletreen.</p>		
<b>Contidos mínimos</b>	O alumnado será quen de seguir a dinámica da aula		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Classroom language: What's this in English?, How do you say / pronounce / spell...?, What does ... mean?, Can you repeat that?, I'm sorry I don't know/ I can't remember / I don't understand, Sorry I'm late, Can I come in?, Can I borrow...?, etc.</li> <li>- Classroom instructions: open your book, sit down, work in pairs, etc.</li> <li>- The Alphabet (Rev)</li> <li>- Classroom objects: chair, table, bag, window, pen, etc.</li> </ul>		
<b>Contidos gramaticais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imperativo</li> <li>- Question words: What, how</li> <li>- Introducción a <i>Can you</i> en 'requests'</li> </ul>		
<b>Contidos fonéticos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Artigo: a /an</li> <li>- Sufixo -s/-es plural</li> <li>- /i:/, /e/, /ei/</li> <li>- Schwa e acento de palabra (introdución)</li> </ul>		
<b>Contidos funcionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Using classroom language</li> </ul>		
<b>Mediación</b>	O alumnado axudará aos compañeiros a comprender as instrucións do profesor		
<b>Estratexias</b>	Group work, pair work		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	Posters /dosier, imaxes que amosen os exponentes máis habituais de 'classroom language'.		



Área	Asunto	Medio	Tema
Aprendizaxe	Xestión do estudo	Escola/casa/lugar de estudo	Deseñar arquivo de pronunciación e vocabulario
<b>Unidade libro</b>	Todas		
<b>Obxectivos xerais</b>	Deseñar e elaborar un arquivo propio de vocabulario e pronuncia para autoestudo e consulta.		
<b>Obxectivos Específicos</b>	<p><b>Comprensión lectora</b> Pode asociar a grafía ó son e ó significado.</p> <p><b>Escrita</b> -Pode deseñar e organizar seccións dentro dos seus apuntamentos. -Pode encontrar e desenvolver o seu propio estilo de aprendizaxe. -Pode facer distintos tipos de diagramas para ilustrar asociacións verbais (por exemplo mapas de palabras, gráficos tipo árbore, etc.)</p>		
<b>Microtarefas</b>	<p>-Deseño dun arquivo propio de vocabulario e pronunciación. -Recoñecer e utilizar diferentes técnicas de memorización e organización do vocabulario, coma o uso de organizadores gráficos (listados por temas ou áreas, diagramas de árbore, de nube, de estrela, etc.). -Utilización da transcripción fonética, traducións, definicións e exemplos de uso con contexto. -Elaboración dun documento colaborativo no que se organice o vocabulario atendendo á pronunciación (Optional).</p>		
<b>Contidos mínimos</b>	O alumnado será capaz de entender a transcripción fonética nos dicionarios. Fonemas vocálicos e consoantes		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	Numbers 10-100 Countries and nationalities Marital status (títulos)		
<b>Contidos gramaticais</b>	Verb to be 3rd person singular and plural Question words: what, how (rev)		
<b>Contidos fonéticos</b>	Introdución ós son e fonemas vocálicos e consoantes. Representación gráfica de fonemas e sons.		
<b>Mediación</b>	Mediar en comparacións entre sonidos da L1 e L2		
<b>Estratexias</b>	<p>-Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe. -Desenvolver a autonomía na aprendizaxe. -Utilizar distintas técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as táboas de clasificación. -Solicitar axuda, aclaración ou confirmación. -Saber traballar en equipo. -Aproveitar os coñecementos previos.</p>		
<b>Tipos de texto</b>	Readers, textos do libro, léxico do curso.		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	<p>- Arquivo propio de vocabulario e pronunciación ó longo do curso para autoestudo e consulta. - Filling a simple form</p>		

Área	Asunto	Medio	Tema
S Social e de turismo	Facer compras	Tendas, comercios, grandes almacens. etc.	Comprar calquer obxecto
<b>Unidade libro</b>	English File 4th edition File 3. English File 3rd edition beginner Practical English 5. Face to face starter Unit 6D. New Headway beginner Unit 12 (Everyday English).		
<b>Obxectivos xerais</b>	Comprender e responder en situacións de merca de obxectos.		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> - Comprender vocabulario básico relacionado con compras de obxectos. - Preguntar sobre os prezos, cores, etc., do obxecto en cuestión. - Entender o que di o persoal das tendas e responder adecuadamente. - Expresar preferencias e dar razóns sinxelas sobre a escolla do obxecto en cuestión.		
	<b>Comprensión lectora</b> - Entender etiquetas e descrições moi básicas de obxectos e o seu prezo. - Comprender un texto sinxelo sobre o un obxecto favorito.		
	<b>Escrita</b> - Escribir un texto sinxelo sobre un obxecto favorito.		
<b>Microtarefas</b>	Usar a estrutura de pedidos, ofrecementos e invitacións ("would like") en diferentes situacións.		
<b>Contidos mínimos</b>	- Usar estruturas básicas para situacións de compras de obxectos. - Preferencias.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	- Números e prezos - Obxectos e cores. Souvenirs.		
<b>Contidos gramaticais</b>	- Present Simple. Adverbios de frecuencia. Present Continuous. - Adxectivos e pronomes demostrativos. - Estrutura de pedidos, ofrecementos e invitacións ("would like").		
<b>Contidos fonéticos</b>	Ritmo e entoación en oracións afirmativas e interrogativas. Asimilación /wɒdʒə/.		
<b>Contidos funcionais</b>	- Pedir información e prezos en situacións de compras de obxectos. - Responder adecuadamente ás preguntas e expresións do persoal de tendas.		
<b>Contidos socio culturais</b>	Recoñecer as fórmulas de cortesía e expresións funcionais en situacións de compras de obxectos e responder adecuadamente.		
<b>Mediación</b>	Transmitir información de terceiras persoas referida a compras de obxectos.		
<b>Tipos de texto</b>	Etiquetas, tickets (receipts), catálogos, carteis en tendas e grandes almacéns.		
<b>Estratexias</b>	Traballo individual, por parellas e en grupos.		
<b>Práctica exame</b>	Fala: Monólogo sobre un obxecto favorito. / Role play nunha tenda de souvenirs.		





Área	Asunto	Medio	Tema
Social e de turismo	Supervivencia diaria nun país de fala inglesa	Restaurantes, autoservicios (cantina, comida rápida)	Comer fóra
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 3: Practical English		
<b>Obxectivos xerais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais dun texto referido á comida e á bebida, tanto na escrita coma de viva voz ou por medios técnicos.</li> <li>- Producir textos orais e escritos moi breves, referidos á comida e á bebida.</li> </ul>		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ir a un autoservicio ou a un establecemento de comida rápida e saber pedir unha comida.</li> <li>- Saber chamar ó persoal do xeito adecuado e pedir unha comida nunha cafetería.</li> </ul>		
	<b>Comprensión lectora</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Entender a maior parte da descrición de pratos dispoñibles e previsibles nun autoservicio ou establecementos de comida rápida.</li> <li>- Entender a maior parte do contido dun menú estándar, especialmente en restaurantes onde, pola súa natureza, o menú é facilmente previsible.</li> <li>- Entender facturas, por exemplo onde o servizo está incluído.</li> </ul>		
	<b>Escrita</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber escribir brevemente sobre as preferencias coa comida.</li> </ul>		
<b>Microtarefas</b>	Iniciarse nas rutinas e as preferencias (like/don't like). Ampliar vocabulario.		
<b>Contidos mínimos</b>	Usar estruturas básicas para falar das comidas e bebidas.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	Vocabulario relacionado coa comida e a bebida, os cartos e os prezos.		
<b>Contidos gramaticais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas con <i>How much...?</i></li> <li>- Preguntas con <i>can</i> e <i>would</i> (introdución).</li> </ul>		
<b>Contidos fonéticos</b>	Word stress; /s/, /k/, /uə/		
<b>Contidos funcionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saudar e despedirse. Dirixirse a alguén. (Rev.)</li> <li>- Manifestar comprensión e incomprensión. Pedir confirmación da comprensión ao interlocutor. (Rev.)</li> <li>- Pedir e dar información sobre prezos e cantidades. Preguntar ou expresar se existe algo. (Rev.)</li> <li>- Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios) (Rev.)</li> <li>- Pedir axuda, obxectos e servizos.</li> </ul>		
<b>Contidos socio-culturais</b>	Usar fórmulas de cortesía en situacións de vida cotiá.		
<b>Mediación</b>	Repetir e transmitir a terceiras persoas información relacionada coa comida e a bebida.		
<b>Tipos de texto</b>	Menús de snack bar e cafetería. Diálogos da vida cotiá.		
<b>Estratexias</b>	Traballo individual, por parellas e en grupos de habilidades mixtas.		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	Fala: Ser capaz de pedir algo nun restaurante /cafetería.		

Área	Asunto	Medio	Tema
Social e de turismo	Contactos sociais	Casa e fóra de casa. Discotecas, festas, colexios, hoteis, campings e restaurantes	Relacionarse
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 4		
<b>Obxectivos xerais</b>	<p>Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais dun texto referido a asuntos da vida cotiá e familiar, transmitido de viva voz ou por medios técnicos e tamén en textos escritos.</p> <p>Producir e escribir textos orais moi breves, referidos a asuntos da vida cotiá e familiar nos que se pide ou transmite información e comunicarse de forma comprensible.</p>		
<b>Obxectivos específicos</b>	<p><b>Escoita/fala</b></p> <p>Saber presentarse a si mesmo ou a outros.</p> <p>Saber entender información sobre os membros da familia.</p> <p>Saber tomar parte nunha conversa de tipo factual e básica sobre un tema de natureza predicible, por exemplo, a familia e o traballo.</p>		
	<p><b>Comprensión lectora</b></p> <p>Saber entender información sinxela en e-mails, postais ou cartas a pen-friends (por exemplo "My name's Ana, I'm 16 years old and I go to school in...")</p> <p>Saber entender unha carta na que se describe esa información.</p>		
	<p><b>Escrita</b></p> <p>Saber escribir e-mails sinxelos para coñecer xente.</p> <p>Saber escribir información persoal de tipo cotiá.</p>		
<b>Contidos mínimos</b>	O alumnado será capaz de presentarse e dar información factual e básica sobre a familia		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	<p>Vocabulario relacionado coas relacións familiares (mother, father, uncle, daughter, etc...)</p> <p>Vocabulario relacionado coas profesións (doctor, teacher, self-employed, etc.)</p> <p>Vocabulario relacionado coas partes do corpo: hair, eyes.</p> <p>Adxectivos: physical description (tall, short, fat, thin, long), personality ( nice, friendly), colours.</p>		
<b>Contidos gramaticais</b>	<p>-Caso xenitivo 's e s'</p> <p>-Pronomes persoais (rev)</p> <p>-Adxectivos posesivos (rev)</p> <p>-Presente simple To Be (positive, negative questions and short answers)</p> <p>-Demostrativos</p> <p>-Conxunción e oposición (<i>and, but</i>)</p> <p>-Be para expresar a idade e profesión</p> <p>-Orde das palabras: adxectivo + nome</p>		
<b>Contidos fonéticos</b>	/s/, /z/ and /iz/ (rev), /æ/, /ə/, /o:/ /ʌ/, /a:/, and linking		
<b>Contidos funcionais</b>	<p>Presentarse ou presentar a alguén</p> <p>Indicar posesión</p> <p>Referirse a accións cotiás presentes (Intro)</p> <p>Pedir e dar información sobre datos persoais (rev)</p>		
<b>Mediación</b>	Mediar, transmitir e repetir información predicible sobre persoas e relacións familiares		
<b>Tipos de texto Outcomes</b>	<p>Email</p> <p>Presentación oral das persoas coas que convivimos</p>		

Área	Asunto	Medio	Tema
Social e de Turismo	Encontro Informal	Escola	Presentarse a si mesmo
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 5 & 6		
<b>Obxectivos xerais</b>	Falar e escribir dun mesmo e interesarse polos demais. Aprender a falar de rutina diaria.		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b>		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber presentarse a si mesmo ou a outros e poder usar fórmulas de saúde básicas.</li> <li>- Saber entender información persoal.</li> <li>- Saber tomar parte nunha conversa de tipo informal.</li> <li>- Saber falar das preferencias e actividades cotiás.</li> </ul>		
	<b>Comprensión lectora</b>		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber entender información persoal sinxela en e-mails, postais, ou cartas a alguén</li> <li>- Saber entender unha carta na que se describe xente</li> </ul>		
	<b>Escrita</b>		
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Saber escribir e-mails sinxelos para coñecer xente.</li> <li>- Saber escribir información persoal de tipo cotiá.</li> </ul>		
<b>Microtarefas</b>	Traballar co presente (afirmativo, negativo e interrogativo) e ampliar vocabulario. Aprender as horas e os días da semana.		
<b>Contidos mínimos</b>	Usar estruturas básicas para falar, preguntar ou escribir sobre información persoal.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	Vocabulario relacionado con: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Información persoal: país, nacionalidade, traballo, títulos, saúdos, rutina diaria.</li> <li>- Xente e lugares.</li> <li>- Comida e bebida</li> <li>- Adxectivos relacionados coa información persoal e os sentimentos.</li> <li>- Expresións e frases con <i>like, have, work, study, live</i>.</li> </ul>		
<b>Contidos gramaticais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Verbo To Be en singular e plural (afirmativa, negativa e interrogativa, con respostas curtas) (rev)</li> <li>- Presente simple (+ e -) e respostas curtas.</li> <li>- Pronomes persoales.</li> <li>- Adxectivos posesivos.</li> <li>- Xenitivo saxón.</li> <li>- Suxeito dunha oración.</li> <li>- Adverbios de frecuencia.</li> <li>- O plural dos sustantivos.</li> <li>- Oracións con <i>love, like, eat, drink + nome (a lot / lot of)</i></li> <li>- A/An.</li> <li>- Expresións temporais con <i>in, on, at</i>.</li> <li>- Why? Because.</li> </ul>		
<b>Contidos fonéticos</b>	Third person -s; sentence rhythm and linking; /ðz/, /g/, /o/, /w/, /v/, /j/, /ju: /		
<b>Contidos funcionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentarse.</li> <li>- Dar, escribir e preguntar información persoal.</li> <li>- Preguntar e decir a hora.</li> <li>- Referirse a accións cotiás.</li> <li>- Expresar preferencias sobre comida e bebida.</li> </ul>		
<b>Contidos socio-culturais</b>	-Vida cotiá, relacións persoais e fórmulas de cortesía.		
<b>Mediación</b>	Repetir e transmitir a terceiras persoas información relacionada coa información persoal dun mesmo e/ou dos demais.		
<b>Tipos de texto</b>	Diálogos relacionados coa información persoal dun mesmo e dos demais. Rutinas diarias.		
<b>Estratexias</b>	Traballo individual, por parellas e en grupos de habilidades mixtas.		
<b>Práctica</b>	Escritos sobre información persoal e rutinas diarias.		
<b>exam/Outcomes</b>	Escribir un email presentándose.		



Área	Asunto	Medio	Tema
Autoaprendizaxe	Seguimento dun curso na EOI ou no estranxeiro	A aula	Seguir e participar nunha lección de inglés.
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 7: Practical English		
<b>Obxectivos xerais</b>	Elaborar un calendario cos aniversarios dos compañeiros e con festas locais ou internacionais e períodos de vacacións.		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> -Usar estratexias sociais para interactuar cos compañeiros. -Facer preguntas, por exemplo, para pedir repetición, clarificación, etc; -Entender peticións sinxelas e instrucións sobre tarefas de aprendizaxe sinxelas; -Traballar en grupo ou parellas en inglés. -Seguir mensaxes sinxelas do profesor/a referidas a actividades de aula, o libro ou outros materiais de referencia, e os deberes. -Tomar notas moi sinxelas en inglés.		
	<b>Comprensión lectora</b> Os mesmos que para escoita/fala		
	<b>Escrita</b> Os mesmos que para escoita/fala		
<b>Microtarefas</b>	Encher un calendario de aula cos aniversarios da clase e con algunhas festas locais/internacionais relevantes para a clase.		
<b>Contidos mínimos</b>	Aprender e reforzar os números, datas, meses, días da semana e estacións.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	Revisión: Os números cardinais. Os números ordinais. Os meses do ano. Os días da semana. As 4 estacións. O nome de certas festas (Christmas, Halloween, Workers' Day, etc) Os nomes de países.		
<b>Contidos gramaticais</b>	- A expresión da data: 'it's + on + the + data'. Diferencia entre a expresión escrita e a oral .- Preguntas con TO BE (when is your birthday? When is Boxing Day? Where?) (rev). - in + month / year		
<b>Contidos fonéticos</b>	- Distinción entre fourteen e fourteenth - O son 'th' nos números cardinais (fifteenth) e en 'the'. Distinción. - A pronuncia de nomes de festas concretas (Halloween, Easter, New Year's Day, Galician Literature Day, etc) - Linking na expresión das datas, p. ex. 'it's on the first of October' - Consonantes finais en 'first, second, third, tenth, etc'		
<b>Contidos funcionais</b>	- Preguntar a data ou en que día cae unha festividade ou aniversario - Pedir repetición ou clarificación - Dar información persoal referida ao aniversario/ dar información referida a festividade (cando e onde se celebran) - Comprender números e datas - Comprender preguntas sinxelas relativas a información persoal e festas.		
<b>Contidos socio-culturais</b>	-Diferencias entre inglés británico e inglés americano na expresión da data - As festas específicas anglosaxonas (Boxing Day, 4th July, Pancake Day, etc) - Os días adicados a santos como algo específico da relixión católica		
<b>Mediación</b>	Repetir e transmitir a terceiras persoas información relacionada coas festividade		
<b>Tipos de texto</b>	Calendarios, libro de texto, cancións, folletos turísticos, conversas cara a cara.		
<b>Estratexias</b>	Traballo individual, por parellas e en grupos de habilidades mixtas.		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	Falar e escribir sobre preferencias, festividade, responder a preguntas básicas. Elaborar un calendario coas celebracións e días festivos do curso.		

Área	Asunto	Medio	Tema
Aprendizaxe	Seguimento dun curso na EOI ou no estranxeiro	A aula	Coñecer aos compañeiros
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition, Unit 7 & 7B		
<b>Obxectivos xerais</b>	Elaborar un cuestionario para entrevistar a un compañeiro e obter información sobre a súa rutina, o que sabe facer, o que lle gusta facer no tempo de lecer, e despois presentalo ao resto da clase.		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> Pode comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas referidos ó ámbito persoal (idade, familia, traballo, onde vive), a rutina diaria e hábitos da fin de semana, os seus gustos. Pode intercambiar info básica e sinxela sobre si mesmo e outros: rutinas, gustos, habilidades.		
	<b>Comprensión lectora</b> Pode comprender textos breves que conteñan información moi sinxela relacionada coas actividades do día a día, info persoal e tempo de lecer. Pode localizar información relevante en textos moi cortos e sinxelos.		
	<b>Escrita</b> Pode escribir un texto breve sobre a súa rutina ou a de outra persoa e o que fai na fin de semana. Pode elaborar un cuestionario para entrevistar ós compañeiros. Pode tomar notas a partir das respostas dos compañeiros. Pode escribir un texto breve presentándose e/ou presentando a outra persoa.		
<b>Microtarefas</b>	-Decidir os bloques temáticos do cuestionario. -Decidir e redactar as preguntas do cuestionario.		
<b>Contidos mínimos</b>	Usar estruturas básicas, tanto na escrita coma na fala, relacionadas coa vida cotiá e a información persoal.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	- Voc. básico rutinas: get up, have breakfast, leave home, etc. (Rev.) - Partes do día: morning, afternoon, etc (Rev) - Actividades de lecer: go shopping, watch TV, do sport, eat out, play tennis, etc. - Habilidades: drive, play the piano, ride a bike, etc. - Tipos de películas: drama, science fiction, etc.		
<b>Contidos gramaticais</b>	- Simple present (afirm., negat, preguntas) - Do en preguntas e oracións negativas (Rev) - Frases temporais con 'on, in, at'. - Adverbios de frecuencia e frases con 'every'. - Sequencers: Then, before, after, finally. - Connectors: and, but, because. - Word Order: Adv. de frecuencia, time phrases - Pronomes persoais obxeto - Can (ability) + very well, etc. - Like/hate/love + noun/-ing		
<b>Contidos fonéticos</b>	- Acento de frase en oracións afirmativas e preguntas. Do, Does, Doesn't - 3rd person -s/-es - Can/Can't en oracións positivas, negativas e preguntas. - Léxico novo - /w/, /h/, /eə/, /aʊ/, /u/, /u:/		
<b>Contidos funcionais</b>	- Talking about routines, abilities, likes, free time. - Agreeing/disagreeing. me too/me neither, but I do/don't		
<b>Contidos socio-culturais</b>	Usar fórmulas de cortesía en situacións de vida cotiá.		
<b>Mediación</b>	Repetir e transmitir a terceiras persoas información relacionada coa información persoal, a vida cotiá e as aficións.		
<b>Tipos de texto</b>	-Axendas persoais (horario e actividades) - Cuestionarios.		
<b>Estratexias</b>	Traballo individual, por parellas e en grupos de habilidades mixtas.		
<b>Práctica exame/Outcomes</b>	- Entrevistar un compañeiro e presentalo ao resto da clase. - Escribir un texto presentándose e presentando a outra persoa (familiar,		

amigo).

**Tarefa 11**

**Describing your home and town/favourite town to a foreign visitor**

<b>Área</b> Social e de turismo	<b>Asunto</b> Contactos sociais en persona	<b>Medio</b> Na casa ou no estranxeiro	<b>Tema</b> Coñecer e darse a coñecer no estranxeiro, ou atender visitas do estranxeiro
<b>Unidade libro</b>	English File A1 4th edition: Unit 11- Practical Eng., English File 3rd edition Beginner - 4B, Vocabulary bank, communication area (page 76 onwards)		
<b>Obxectivos xerais</b>	Coñecer e darse a coñecer no estranxeiro e atender visitas do estranxeiro.		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> Tomar parte en conversas básicas e de tipo factual sobre temas predecibles.		
	<b>Comprensión lectora</b> Entender información sinxela en emails, cartas ou postais dun futuro amigo por correspondencia, por exemplo.		
	<b>Escrita</b> Escribir información persoal de tipo rutinario		
<b>Microtarefas</b>	Describir a cidade propia a un visitante estranxeiro.		
<b>Contidos mínimos</b>	Vocabulario básico relacionado coa casa (interior e exterior) e coa cidade.		
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Adxectivos descriptivos básicos (beautiful, expensive, etc)</li><li>- -Vocabulario básico relativo a sitios nas cidades, incluídos os establecementos comerciais (station, museum, park, shopping centre, etc).</li><li>- a/an, some/any, a lot of en frases afirmativas, negativas e interrogativas (non con incontábeis)</li><li>- O clima e os fenómenos atmosféricos.</li><li>- Vocabulario básico relacionado coa casa e os arrededores.</li></ul>		
<b>Contidos gramaticais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Verbo to be: afirmativo, negativo e en preguntas (rev)</li><li>- There is/ are: afirmativo, negativo e en preguntas</li><li>- A orde das palabras: (a/an) + very + adxectivo + nome</li><li>- It's + adxectivo para falar do tempo (it's windy)</li><li>- Respostas cortas a preguntas con: to be (rev)</li><li>- Respostas cortas a preguntas con: is/are there?</li></ul>		
<b>Contidos fonéticos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Linking en expresións como: 'there's an expensive hotel' (consonante + vocal)</li><li>-O acento de frase nas respostas cortas tipo: 'Yes, there is'</li><li>- Pronuncia de vocabulario difícil (hotel, theatre, museum, chemist's, etc)</li></ul>		
<b>Contidos funcionais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Falar do tempo de xeito básico</li><li>- Describir o lugar onde se vive</li><li>- Preguntar e responder sobre un mesmo e onde vive</li><li>- Falar de cantidades</li><li>- Escribir frases sinxelas sobre onde un vive</li></ul>		
<b>Contidos socio-culturais</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Vocabulario británico e americano para nomear algúns sitios (shopping centre/shopping mall, cashpoint/ATM, chemist's/pharmacy)</li><li>- Diferencias ortográficas en centre/center e theatre/theater</li></ul>		
<b>Tipos de texto</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Conversas cara a cara</li><li>- Presentacións</li><li>- Correspondencia persoal</li><li>- Guías e folletos</li></ul>		
- Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.
- Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.
- Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
- Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

- Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
- Redacta un texto e adáptao á situación requirida.
- Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.
- Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.
- Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).
- Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

### **Actividades de mediación**

- Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.
- Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.
- Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.
- Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

## **2.3.2 NIVEL C2**

### **2.3.2.1. Obxectivos xerais**

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel avanzado C2, o alumnado será capaz de:

- Comprender con total facilidade, sempre que dispoña dun certo tempo para habituarse ao acento, practicamente a calquera interlocutor/a e calquera texto oral, producido en vivo ou retransmitido, independentemente da canle e incluso en ambientes con ruído, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas sutís de estilo, incluso cando o texto se articule a unha velocidade rápida, presente trazos estruturais, léxicos ou de pronuncia idiosincráticos (estruturas non lineais ou formatos pouco usuais, coloquialismos, variantes lingüísticas, argot ou terminoloxía descoñecida, ironía ou sarcasmo), e/ou verse sobre temas incluso alleos á súa experiencia, interese ou campo académico ou profesional ou de especialización.
- Producir e coproducir, con naturalidade, comodidade, soltura e fluidez, textos orais extensos, detallados, formalmente correctos, e a miúdo destacables, para comunicarse en calquera tipo de situación da vida persoal, social, profesional e académica, adaptando con total eficacia o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, sen cometer erros salvo algún lapsus linguae ocasional, e mostrando gran flexibilidade no uso dun amplo repertorio de expresións, acentos e patróns de entoación que lle permitan transmitir con precisión sutís matices de significado.
- Comprender en profundidade, apreciar, e interpretar de maneira crítica, co uso esporádico do dicionario, unha ampla gama de textos extensos e complexos, tanto literarios como técnicos ou doutra índole, contemporáneos ou non, nos que se utilicen unha linguaxe especializada, xogos de palabras, unha gran cantidade de argot, coloquialismos, expresións idiomáticas, variantes lingüísticas ou outros trazos idiosincráticos, e que poidan conter xuízos de valor velados, ou nos cales gran parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta e ambigua, apreciando

distincións sutís de estilo e significado, tanto implícito como explícito.

- Producir e coproducir, independentemente do soporte, e incluso a velocidade rápida en tempo real, textos escritos de calidade, exentos de erros salvo algún descoido de carácter tipográfico, sobre temas complexos e incluso de tipo técnico, cun estilo apropiado e eficaz e unha estrutura lóxica que lle axude ao lector ou á lectora a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos e nos que transmite con precisión sutís matices de significado, incluídos os usos alusivos do idioma.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar practicamente calquera clase de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo, incluso cando o texto se articule a unha velocidade moi alta ou presente trazos estruturais, léxicos ou de pronunciación ou de escritura idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado), todo isto sen dificultade, adaptando con total eficacia o estilo e rexistro aos diferentes contextos de uso e amosando unha riqueza de expresión e un acento e entoación que permitan transmitir con precisión sutís matices de significado.

### **2.3.2.2 Obxectivos específicos**

#### **Actividades de comprensión de textos orais**

- Comprender, independentemente da canle e incluso nun ambiente con ruído, instrucións detalladas e calquera tipo de información específica en declaracións e anuncios públicos que teñen pouca calidade e un son distorsionado.
- Comprender conversacións, discusións e debates extensos nos que se participa, aínda que estes non estean claramente estruturados. Comprender películas, obras de teatro ou outros espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas e apreciar implicacións de tipo sociocultural ou sociolingüístico.
- Comprender calquera información técnica complexa, como por exemplo, instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos de calquera índole, coñecidos ou descoñecidos, e sobre todos os asuntos relacionados, directa ou indirectamente, coa súa profesión ou coas súas actividades académicas.
- Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, aínda que conteñan unha gran cantidade de expresións coloquiais, variantes lingüísticas ou terminoloxía especializada ou pouco habitual, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.
- Comprender con facilidade as interaccións complexas e os detalles de conversas e debates animados e extensos entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou descoñecidos, apreciando plenamente os matices, os trazos socioculturais da linguaxe que se utiliza e as implicacións do que se di ou se insinúa.
- Comprender conversas, discusións e debates extensos e animados nos que se participa, incluso sobre temas académicos ou profesionais complexos e cos que non se está familiarizado/a, aínda que non estean claramente estruturados e a relación entre as ideas sexa soamente implícita, e reaccionar en consecuencia.
- Comprender sen esforzo, e apreciar en profundidade, películas, obras de teatro ou outro tipo de espectáculos e programas de televisión ou radio que conteñan unha gran cantidade de argot ou linguaxe coloquial, dialectal ou expresións idiomáticas, identificando pormenores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os e as falantes, e apreciando alusións e implicacións de tipo sociocultural.

### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

- Facer declaracións públicas con fluidez e flexibilidade usando certa entoación para transmitir con precisión matices sutís de significado.
- Realizar presentacións convincentes ante colegas e persoas expertas e pronunciar conferencias, relatorios e charlas, extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas e asuntos públicos ou profesionais complexos, demostrando seguridade e adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades dos/as oíntes, e manexando con habilidade e enfrontándose con éxito a preguntas difíciles, imprevisibles, e incluso hostís, destes/as.
- Pronunciar conferencias ou impartir seminarios sobre temas e asuntos académicos complexos, con seguridade e de modo elocuente a un público que non coñece o tema, adaptándose a cada auditorio e desenvolvéndose sen ningunha dificultade ante calquera pregunta ou intervención de membros da audiencia.
- Participar con total soltura en entrevistas, como entrevistador/a ou como entrevistado/a, estruturando o que di e desenvolvéndose con autoridade e con total fluidez, mostrando dominio da situación e capacidade de reacción e improvisación.
- Realizar e xestionar con total eficacia operacións e transaccións complexas, incluso delicadas, ante institucións públicas ou privadas de calquera índole e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, as relacións con particulares e entidades e a solución dos conflitos que puidesen xurdir das ditas relacións.
- Conversar cómoda e adecuadamente, sen ningunha limitación, en todo tipo de situacións da vida social e persoal, dominando todos os rexistros e o uso apropiado da ironía e o eufemismo.
- Participar sen ningunha dificultade e con fluidez en reunións, seminarios, discusións, debates ou coloquios formais sobre asuntos complexos de carácter xeral ou especializado, profesional ou académico, incluso se se levan a cabo a unha velocidade moi rápida, utilizando argumentos claros e persuasivos, matizando con precisión para deixar claros os seus puntos de vista, e sen ningunha desvantaxe respecto aos/ás falantes nativos/as.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

- Comprender sen dificultade calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/unha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo os seus aspectos sutís e aqueles que poden derivar do seu contido.
- Comprender en detalle a información e as implicacións de instrucións, normativas, ordenamentos, códigos, contratos ou outros textos legais complexos relativos ao mundo profesional ou académico en xeral e ao propio campo de especialización en particular.
- Comprender en profundidade e detalle todo tipo de textos produto da actividade profesional ou académica (actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación) ou calquera documento de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.
- Comprender información detallada en textos extensos e complexos no ámbito público, social e institucional, por exemplo, informes que inclúen datos estatísticos, identificando actitudes e opinións implícitas no seu desenvolvemento e conclusións e apreciando as relacións, alusións e implicacións de tipo sociopolítico, socioeconómico ou sociocultural.
- Comprender en detalle e en profundidade, e interpretar de maneira crítica, a información, ideas e implicacións de calquera tipo de material bibliográfico de consulta ou de referencia de carácter especializado académico ou profesional, en calquera soporte.
- Comprender todo tipo de publicacións periódicas de carácter xeral, ou especializado dentro da propia área profesional, académica ou de interese.
- Comprender sen dificultade as ideas e posturas expresadas en editoriais, artigos de fondo,

recensións e críticas, ou outros textos periodísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, e en calquera soporte, nos que gran parte da mensaxe se expresa dunha maneira indirecta ou ambigua, ou que conteñen numerosas alusións ou xuízos de valor velados.

- Comprender con facilidade e en detalle calquera tipo de correspondencia persoal, e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando matices tales como as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas, tanto implícitas como explícitas, dos e das remitentes.

- Comprender sen dificultade e interpretar de maneira crítica textos literarios extensos de calquera xénero, tanto clásicos como contemporáneos, apreciando recursos literarios (símiles, metáforas...), trazos de estilo, referencias contextuais (culturais, sociopolíticas, históricas ou artísticas), así como as súas implicacións.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

- Tomar notas e apuntamentos detallados e fidedignos en reunións, seminarios, cursos ou conferencias, incluso mentres se continúa participando activamente neles, reflectindo tanto as palabras utilizadas polo/a falante como as implicacións, alusións ou inferencias do que este/a di.

- Negociar o texto de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificando borradores e realizando corrección de probas.

- Escribir recensións, informes ou artigos complexos que presentan unha argumentación ou unha apreciación crítica de textos técnicos de índole académica ou profesional, de obras literarias ou artísticas, de proxectos de investigación ou de traballo ou de publicacións e outras recensións, informes ou artigos escritos por outras persoas.

- Escribir informes, artigos, ensaios, traballos de investigación e outros textos complexos de carácter académico ou profesional nos cales se presenta o contexto, o trasfondo teórico e a literatura precedente; se describen os procedementos de traballo; se fai un tratamento exhaustivo do tema; se incorporan e resumen opinións doutras persoas; se inclúen e avalían información e feitos detallados e se presentan as propias conclusións de maneira adecuada e convincente e de acordo coas convencións, internacionais ou da cultura específica, correspondentes a este tipo de textos.

- Escribir, independentemente do soporte, cartas ou mensaxes persoais en que se expresa dunha maneira deliberadamente humorística, irónica ou ambigua.

- Escribir, independentemente do soporte, correspondencia formal complexa, clara, exenta de erros e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes, superiores ou autoridades, adoptando as convencións estilísticas e de formato que requiren as características do contexto específico.

- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida

presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

- Producir e coproducir, independentemente do soporte, textos escritos de calidade -aínda que poida

presentar algún descoido de carácter tipográfico- sobre temas complexos e mesmo de tipo técnico, así como transmitir en tempo real e con precisión, a información procedente de distintas fontes. Empregar un estilo apropiado e eficaz, cunha estrutura lóxica que lle axude ao/á lector/a a identificar e reter as ideas e os aspectos máis significativos.

## **Actividades de mediación**

- Trasladar oralmente coa precisión necesaria o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos orais ou escritos de alta complexidade estrutural ou conceptual, ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e rexistro, así como matices de intencionalidade.
- Parafrasear e resumir en forma oral información e ideas provenientes de diversas fontes, reconstruíndo argumentos e feitos coa debida precisión, de maneira coherente e sen omitir detalles importantes nin incluír detalles ou elementos innecesarios, con naturalidade e eficacia.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, para transmitir con eficacia e precisión practicamente calquera tipo de texto oral ou escrito, recoñecendo significados implícitos e apreciando diferenzas de estilo e variedades lingüísticas.
- Mediar con eficacia e total naturalidade entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en calquera situación, incluso de carácter delicado ou conflitivo, tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais e reaccionando en consecuencia.
- Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, con notable precisión e estruturación, durante unha conferencia, reunión, debate ou seminario claramente estruturados e sobre temas complexos dentro ou fóra do propio campo de especialización.
- Trasladar por escrito coa debida precisión o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos escritos ou orais de alta complexidade estrutural ou conceptual ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e de rexistro, así como matices de intencionalidade.
- Parafrasear e resumir en forma escrita, con total corrección e eficacia, de maneira coherente e sen incluír detalles irrelevantes, información e ideas contidas en diversas fontes, trasladando de maneira fiable información detallada e argumentos complexos.

### **2.3.2.3 Competencias e contidos**

#### **2.3.2.3.1 Socioculturais e sociolingüísticos**

Dominio dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para abordar a dimensión social do uso do idioma na comprensión de textos orais e apreciación das sutilezas e implicacións dos aspectos socioculturais da comunicación natural, eficaz e precisa, incluíndo os usos emocional, alusivo e humorístico do idioma, o que supón recoñecer e comprender as intencións comunicativas dunha ampla gama de marcadores lingüísticos de relacións sociais, normas de cortesía, modismos e expresións de sabedoría popular, rexistros, dialectos e acentos e unha gran diversidade de expresións idiomáticas, coloquiais, xeográficas e de argot. Os seguinte aspectos serán considerados e desenvolvidos durante o curso:

- Vida cotiá: festividades, horarios, aspectos organizativos laborais e actividades de ocio.
- Condicións de vida: niveis de vida, vivenda, traballo e asistencial social
- Relacións interpersoais: estrutura social e relación entre os membros da comunidade (diferencias de xénero, familia, situacións laborais, relacións coa autoridade e administración)

- Valores, crenzas e actitudes.
- Aspectos paralingüísticos: linguaxe xestual, expresións faciais, contacto visual, prosodia (ton, volume) e distancia interpersoal
- Convencións sociais e tabús
- Comportamento ritualista: actos públicos, celebracións e cerimoniais

### **2.3.2.3.2 Contidos estratéxicos**

#### **Estratexias de aprendizaxe**

Grazas ás estratexias de aprendizaxe, o alumnado poder regular o seu proceso de adquisición de coñecementos lingüísticos, transformar e xestionar nova información e, en termos xerais, ser quen de:

- Explicar o que sabe e como xestionou a súa aprendizaxe para adquirir estas nocións.
- Planificar o proceso de aprendizaxe e obxectivos.
- Organizar os seus materiais de aprendizaxe e instrumentos de apoio necesarios.
- Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance.
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

#### **Estratexias de comunicación**

Permiten mobilizar coñecementos e recursos para garantir a comunicación. O alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, situacións, contidos e persoas.
- Informarse a través de soportes visuais ou doutra natureza.
- Identificar a tipoloxía textual en conformidade co público.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: contidos xerais e pormenorizados.
- Establecer hipóteses e inferencias de elementos paratextuais e extratextuais.
- Restablecer e anticipar posicións.
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Asegurar a comprensión, repetindo ou preguntado sobre o dito.
- Solicitar repeticións ou explicacións relativas a unha palabra clave non comprendida.
- Recoñecer as dificultades de comprensión relativas a factores de distorsión ou a velocidade de articulación.

### **2.3.2.3.3 Contidos funcionais**

- Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala mediante os expoñentes orais propios de cada contexto comunicativo específico, incluso especializado, tanto a través de actos de fala indirectos como directos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne):

- Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e



desacordo; expresar descoñecemento, dúbida, escepticismo, unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; rectificar; replicar; supoñer.

- Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder, admitir, consentir, expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, xurar, negarse a facer algo, ofrecer algo, ofrecer axuda, ofrecerse a facer algo, prometer, retractarse.

- Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que a persoa destinataria faga ou non faga algo, tanto se isto é un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; exixir; intimidar; ordenar; pedir algo, axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo; negarlle o permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; recordarlle algo a alguén; restrinxir; rogar; solicitar; suxerir; suplicar.

- Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, compadecerse, consolar, dar a benvinda, despedirse, expresar condolencia, felicitar, facer cumprimentos, insultar, interesarse por alguén ou por algo, invitar, pedir desculpas, presentarse e presentar a alguén, rexeitar, saudar, tranquilizar.

- Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: acusar; defender; exculpar; expresar admiración, afecto, alegría ou felicidade, alivio, ansiedade e preocupación, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, arrepentimento, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, orgullo, preferencia, resentimento, resignación, satisfacción, sorpresa e estrañeza, temor, tristeza, vergoña; lamentar; reprochar.

#### **2.3.2.3.4 CONTIDOS DISCURSIVOS**

- Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua oral monolóxica e dialóxica, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado:

- Coherencia textual: adecuación do texto oral ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).

- Cohesión textual: organización interna do texto oral. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; eclipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

- Coñecemento e construción de modelos contextuais e patróns textuais complexos propios da lingua escrita, en diversas variedades da lingua e segundo o contexto específico, incluso especializado.
- Coherencia textual: adecuación do texto escrito ao contexto comunicativo (tipo e formato de texto; variedade de lingua; rexistro; tema; enfoque e contido: selección de contido relevante, selección de estruturas sintácticas, selección léxica; contexto espacio-temporal: referencia espacial, referencia temporal).
- Cohesión textual: organización interna do texto escrito. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual: mecanismos iniciadores (toma de contacto...); introdución do tema; tematización; desenvolvemento do discurso: desenvolvemento temático (mantemento do tema: correferencia; elipse; repetición; reformulación; énfase. Expansión temática: exemplificación; reforzo; contraste; introdución de subtemas. Cambio temático: digresión; recuperación do tema); conclusión do discurso: resumo/recapitulación, indicación de peche textual e peche textual.

Traballarase a seguinte **tipoloxía de textos orais**:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos e específicos
- Entrevistas longas e complexas
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específica e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte **tipoloxía de textos escritos**:

- Correspondencia persoal e profesional especializada
- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correos electrónicos, aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos

- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### 2.3.2.3.5 Contidos sintácticos

Consolidación dos contidos sintácticos dos niveis anteriores e énfase en usos e valores especiais co obxectivo de expresar oralmente ou por escrito:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao); zación, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);

- o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);

- o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;

- a modalidade lóxica e apreciativa (afirm

- o espazo e as relacións espaciais (localización, negación, interrogación, exclamación, exhortación; factualidade, certeza, crenza, conxectura, dúbida; capacidade/habilidade; posibilidade, probabilidade, necesidade; prescrición, prohibición, obriga, permiso, autorización; volición, intención, e outros actos de fala);

- o modo e as características dos estados, os procesos e as accións;

- estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estruturas oracionais e orde dos seus constituíntes);

- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación

### 2.3.2.2.6 Contidos léxicos

Coñecemento e utilización correcta e adecuada ao contexto dunha ampla gama léxica oral e escrita de carácter xeral, e máis especializado dentro das propias áreas de interese, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot. Os ámbitos léxicos desenvolvidos e consolidados neste nivel incluírán:

- Alimentación – tipos de dietas e procesos nutricionais, gastronomía e tendencias.

- Bens e servizos – públicos, privados, individuais e colectivos.

- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, promoción da ciencia.

- Compras e actividades comerciais: compravenda, subrogación, formas de pagamento e banca.

- Cultura e actividades artísticas: música, danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, cine e teatro. Tendencias e novas manifestacións artísticas.

- Economía e industria: finanzas, bolsa, renda, comercio e entidades empresariais.
- Educación e actividades académicas: sistema educativo, organización e lexislación. Problemas, innovación e conflitos.
- Goberno, política e sociedade: organización político-social, tendencias e novidades.
- Identidade persoal: fisioloxía, psicoloxía e relacións sociais.
- Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...
- Lecer e tempo libre.
- Relacións persoais e sociais: familia, amizade, convivencia e asociacións.
- Relixión e filosofía: correntes e institucións
- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria
- Traballo e actividades profesionais
- Viaxes e estancias no estranxeiro
- Vivenda, fogar e contorna
- Xeografía, natureza e medio rural

### **2.3.2.2.7 Contidos fonético-fonolóxicos**

#### **Comprensión oral**

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e comprensión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas.

#### **Produción oral**

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso xeral en diversas variedades da lingua, e en medios específicos segundo o ámbito e o contexto comunicativos, e transmisión dos diversos significados e intencións comunicativas asociados a estes, incluíndo variantes de sons e fonemas vocálicos e consonánticos e as súas respectivas combinacións, variantes de procesos fonolóxicos de enordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica e outros, e cambios de acento e tonicidade na oración con implicacións sintácticas e comunicativas para expresar sutís matices de significado.

### 2.3.2.4 Temporalización

Con carácter xeral, os contados repartiranse ao longo do curso en dous cuadrimestres cuxas datas serán definidas segundo o calendario escolar establecido pola Consellería e a correspondente adaptación marcada pola Dirección do centro.

Os contidos agruparanse nas seguintes unidades temáticas con certa flexibilidade no relativo ás datas e distribución dos contidos:

<b>DATAS APROXIMADAS</b>	<b>UNIDADE DE TRABAJO</b>	<b>UNIDADE DO LIBRO DE TEXTO</b>
11/09/23-23/09/23	Unit 0. Introduction to the C2 level Revision and initial assessment (of the four skills and grammar and vocabulary)	1
26/09/23-13/10/23	Unit 1 - The Environment The natural world The climate crisis Environmental issues Writing Outcome: Formal email	2
16/10/23-03/11/23	Unit 2 - The Academic World Describing academic studies and qualifications Learning styles Trends in learning Issues in education nowadays Comparing education systems in different countries Writing outcome: written mediation	3
06/11/23-24/11/23	Unit 3 – Health Health and mental health issues Public healthcare Health and the environment Writing Outcome: A report	6
27/11/23-2/12/23	Unit 4 – Social issues Current social issues Gender Issues Minorities, migration, gentrification, etc. Writing Outcome: A proposal	3 / 4 / 9
2/12/23 - 21/12/23	Unit 5 -Science and Technology Space travel Artificial Intelligence and robotics	7

	<p>Trends in technology The digital divide Writing Outcome: For/against essay</p>	
22/01/24-9/02/24	<p>Unit 6 – Crime and The Law New kinds of crime Legal issues Human rights Writing Outcome: Written mediation</p>	8
15/02/24-1/03/24	<p>Unit 7 -Work Automation in the workplace/AI The future of work (working from home, hybrid working, etc.) Writing Outcome: Cover Letter</p>	9
4/03/24-22/03/24	<p>Unit 8 - Arts and Entertainment Celebrities as role models Cancel culture, Culture wars New developments in entertainment e.g. influencers, youtubers, digital platforms, etc. Culture and society Writing Outcome: Formal Email</p>	10
8/04/24-26/04/24	<p>Unit 9– Current affairs Recent political trends and events</p>	Ao longo do curso
29/04/24-10/05/24	<p>Unit 10 – Business and Finance The economy Business and finance Written Outcome: written mediation</p>	11
13/05-24-24/05/24	<p>Unit 11 - Tourism Mass tourism and travel choices Environmental impact of tourism The tourist industry Writing Outcome: Report</p>	12

### 2.3.2.5 Tarefas

Unidade 1	Medio ambiente
<b>Recursos adicionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● <b>Keynote Proficiency.</b> (National Geographic Learning). Unidade 5: páxinas 56-57: “Energy Hungry World.” Unidade 8: Food and Sustainability. Pages 84-96 / Review 3: páxina 72: “Broad Sustainable Building”</li> <li>● <b>Cambridge English Proficiency Masterclass. Oxford. 2013.:</b> Unit 2: Our Environment. 29-30</li> <li>● <b>Proficiency Expert. Pearson ( 2013).</b> Unit 2, <i>The Natural World</i> 23-38</li> <li>● <b>Keylinks C1/C2.</b> Macmillan. 2022. Unit 5 and 6</li> </ul>
<b>Obxectivos xerais</b>	Coñecemento dos discursos existentes en torno ao cambio climático
<b>Criterio de avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Capacidade de expresiva e descritiva de aspectos relacionados co cambio climático e capacidade expresiva sobre a utilización e estado actual dos recursos enerxéticos.</li> <li>● Informe detallado de problemáticas medio ambientais.</li> <li>● Utilización de vocabulario específico relacionado con aspectos descritivos da biodiversidade, medio ambiente, recursos enerxéticos e enerxias renovables, pobreza enerxética, etc.</li> </ul>
<b>Mínimos esixibles</b>	Os resultantes de aplicar os criterios anteriores.
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Escoar e falar de políticas medioambientais</li> <li>● Escoar e falar de cambio climático</li> </ul>
	<b>Comprensión lectora</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Artigos de periódico e blogs especializados sobre a cuestión medio ambiental e cambio climático.</li> </ul>
	<b>Escrita</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Informes e propostas sobre a acuciante de necesidade de confrontar danos nocivos no medio ambiente.</li> </ul>
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Vocabulario específico do tema</li> </ul>
<b>Contidos gramaticais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Tempos verbais do futuro e expresións de futuro</li> </ul>
<b>Contidos fonéticos</b>	Globalization / Liberalisation / Colonization /... (pronunciación do “i”)
<b>Contidos funcionais</b>	<i>Estilo Indirecto (“reporting”)</i>

<b>Contidos socio-culturais</b>	-Concienciación ecolóxica e medio ambiental
<b>Tipos de texto</b>	Periodísticos Científicos
<b>Modalidad de traballo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Individual- -monólogos</li> <li>● En parellas: textos A e B</li> <li>● Profesor / alumno: análise de texto</li> </ul>
<b>Estratexias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Análise de texto</li> <li>● Traballo individual e de recolección de datos</li> </ul>
<b>Outcomes</b>	Os relacionados cos obxectivos específicos nas distintas destrezas e as microtarefas.
<b>Mediación</b>	Capacidade de síntese e transmisión dun documento visual, TEDTALK, por exemplo, sobre o uso do plástico (Mediación oral)
<b>Contidos Mínimos</b>	Os relacionados cos mínimos esixibles.
<b>Atención a diversidade</b>	Acceso á medios tecnolóxicos, dixitais, ferramentas de investigación.



**Unidade 2**

**O mundo académico**

<p><b>Recursos adicionais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Keynote Proficiency (National Geographic Learning)., Unidade 1: “Do schools kill creativity?” Páxs.:9-17</li> <li>● Destination C1 and C2 (Macmillan). Unidade 2: “Thinking and Learning.”</li> <li>● English Collocations Advanced ( Oxford): “Writing Essays, assignments and reports.” Unidade 18.</li> <li>● Keylinks C1/C2. Unit 1</li> </ul>
<p><b>Obxectivos xerais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Escritura académica: formalidade, eficacia, e claridade</li> <li>● Familiarizarse cos sistemas educativas nos países da lingua meta</li> <li>● Tendencias e modos de aprendizaxe</li> </ul>
<p><b>Criterio de avaliación</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● escoita: comprensión de preguntas clave para unha entrevista académica.</li> <li>● Elaboración dun informe personal e detallado para posible admisión nun entorno universitario / académico (“Academic Statement”)</li> </ul>
<p><b>Mínimos esixibles</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión e uso de metalinguaxe académica.</li> <li>● Comprensión dunha conferencia académica</li> <li>● Capacidade de expresión para enfrentarse a solicitude verbal ou escrita de admisión a un programa universitario.</li> </ul>
<p><b>Obxectivos específicos</b></p>	<p><b>Escoita/fala</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● <a href="#">Entrevista académica</a></li> <li>● <a href="#">Tomar notas dunha conferencia universitaria</a></li> </ul>
	<p><b>Comprensión lectora.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprensión de textos relacionados co mundo académico</li> </ul>
	<p><b>Escrita</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Interpretación de gráficas sobre a creatividade na escola. (véase: Keynote Proficiency: Unidade 1, páxina 12)</li> <li>● Gráficas: Relación salario, titulación académica e emprego (véase: Keynote Proficiency. Workbook, unidade 7 , páxina 71).</li> </ul>
<p><b>Contidos léxico-semánticos</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Terminoloxía / linguaxe académico: flipped classroom, league tables, STEM, rote learning, dumbing down, two-tier system, ... por exemplo</li> <li>● Estilos de aprendizaxe, sistemas de educación</li> </ul>
<p><b>Contidos gramaticais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Repaso de contidos de C1</li> <li>● Focus and emphasis: cleft sentences</li> </ul>

<b>Contidos fonéticos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● “Linking”.</li> <li>● Formas fortes e débiles ( <i>Strong and weak forms</i>)</li> </ul>
<b>Contidos funcionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Uso formal da lingua</li> </ul>
<b>Contidos socio-culturais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Aprendizaxe a distancia, blended learning, etc.</li> <li>● Sistemas educativos de países de fala inglesa.</li> </ul>
<b>Tipos de texto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Académico, xornalísticos</li> <li>● Gráficos</li> </ul>
<b>Modalidad de traballo</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Posible Traballo colaborativo a través de glosarios En parellas</li> <li>● Uso do aula virtual</li> </ul>
<b>Estratexias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comparación e contraste de textos con linguaxe formal vs linguaxe relaxada (uso do pronome persoal, obxectividade, precisión, sustantivación)</li> <li>● Interpretación de estadísticas</li> </ul>
<b>Outcomes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Mediación escrita</li> <li>● Posible traballo colaborativo: Elaboración dun banco de vocabulario específico</li> </ul>
<b>Mediación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Intercambio de información de artigos, videos, etc.</li> </ul>
<b>Contidos Mínimos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Os relacionados cos obxectivos específicos</li> </ul>
<b>Atención a diversidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Comprobación de acceso á información e medios dixitais.</li> </ul>

Unidade 3		Saúde	
Área	Asunto	Medio	Tema
Saúde	O sistema sanitario e os problemas de saúde actuais	Social - Sanitario	
<b>Recursos adicionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Proficiency Masterclass. Unidade 1 :”In Sickness and in Health”. Oxford. 2002.</li> <li>● Proficiency Expert. Unidade 9: “Fitness and Nutrition”. Pearson.2013</li> <li>● Cambridge Proficiency Masterclass. Unidade 6. “Health and Lifestyle.” Oxford 2013</li> </ul>		
<b>Obxectivos xerais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Coñecer e comprender a realidade dos sistemas públicos de saúde no mundo occidental - o caso do NHS e a crise de recursos</li> <li>● Discutir historicamente as consideracións sociais dos problemas de saúde mental e a súa incidencia na sociedade actual</li> <li>● O uso de vacinas na sociedade actual.</li> <li>● Aspectos de nutrición: formas de produción de alimentos (nanotecnoloxía, cultivo vertical, xenéticamente modificada)</li> <li>● Trastornos alimenticios: (anorexia, bulimia)</li> </ul>		
<b>Criterio de avaliación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Os alumnos serán quen de comprender en profundidade textos (orais e escritos) de extensión variable de natureza xornalística e literaria.</li> <li>● Os alumnos poderán verbalizar opinións argumentadas e complexas sobre os temas de actualidade social debatidos na clase</li> <li>● Os alumnos poderán redactar textos con elevada sofisticación estrutural e lingüística sobre os temas de actualidade social debatidos na clase</li> </ul>		
<b>Mínimos esixibles</b>	Os resultantes de aplicar aos criterios anteriormente descritos un factor de tolerancia ás limitacións dos alumnos que aparezan en niveis elevados de sofisticación lingüística		
<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Escoita/fala</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>● escoitar e debater sobre a situación actual dos sistemas de saúde no mundo anglosaxón</li> <li>● escoitar e debater sobre a enfermidade mental</li> <li>● Producir un discurso sobre o papel dos medios de comunicación e as redes sociais na aparición de trastornos dismórficos e de alimentación</li> <li>● Expresar e ter un punto de vista crítico sobre o uso das vacinas.</li> </ul>		

	<p><b>Comprensión lectora</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Lectura analítica de textos xornalístico e especializados relacionados co tema de saúde</li> </ul>
	<p><b>Escrita</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● Redactar un informe sobre como mellorar a dieta, baseada nun texto fonte. (Ve: Proficiency Masterclass, unidade 1, páxinas 20-21). Oxford 2002.</li> </ul>
<b>Contidos léxico-semánticos</b>	Desenvolvemento léxico intensivo das áreas abordadas nesta unidade
<b>Contidos gramaticais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Defining and non-defining clauses</li> <li>● Reduced clauses</li> <li>● Frases preposicionais (véxase proposta de “Proficiency Expert,” unidade 9.)</li> <li>● Formas de participio e xerundio para sintetizar frases de relativo. (Ver Proficiency Masterclass, unidade 1, pág.15), Oxford, 2002</li> </ul>
<b>Contidos fonéticos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Reforzo da articulación e identificación do acento primario e secundario en palabras complexas do discurso médico-científico</li> <li>● Traballo de fortalecemento do connected speech</li> </ul>
<b>Contidos funcionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Revisión da mecánica de participación en discusións formais e semiformais</li> <li>● Estudo do tipo textual ‘proposta’</li> </ul>
<b>Contidos socio-culturais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● O estigma da enfermidade mental na sociedade</li> <li>● A valoración social do NHS no Reino Unido</li> <li>● Cuestións ético-morais no tratamento das vacinas.</li> <li>● Repercusión individual e psicolóxica de trastornos alimentarios.</li> </ul>
<b>Tipos de texto</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● argumentativos</li> <li>● dialóxicos</li> <li>● xornalísticos</li> <li>● científico-técnicos (nivel divulgativo)</li> </ul>
<b>Modalidad de traballo</b>	Grupal/ Parellas/ Individual/ Traballo plenario dirixido polo docente
<b>Estratexias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Incentivarase o traballo autónomo e a capacidade de resolver dificultades lingüísticas sen supervisión directa do docente</li> <li>● Achegaranse recursos para a promoción da citada autonomía</li> </ul>
<b>Outcomes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● produción de discursos argumentativos</li> <li>● debate de propostas</li> <li>● proposta formal escrita</li> <li>● Capacidade de sintetizar textos orais e escritos pertinentes ao tema e con vocabulario específico.</li> </ul>

<b>Mediación</b>	A mediación intralingüística estará continuamente presente nas actividades desenvolvidas
<b>Contidos Mínimos</b>	Os contidos mínimos corresponden aos outcomes esixibles na unidade
<b>Atención a diversidade</b>	Calquera elemento de diversidade funcional, social ou ideolóxica será tratado co maior coidado para facilitar a integración do conxunto do alumnado nas actividades propostas

**Unidade 4**

**Asuntos Sociais**

<p><b>Área</b></p> <p><b>Sociedade</b></p>	<p><b>Asunto</b></p> <p>Igualdade e minorías</p>	<p><b>Medio</b></p> <p><b>Socio-político</b></p>	<p><b>Tema</b></p>
<p><b>Recursos adicionais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Destination C1 and C2. Grammar and Vocabulary. Macmillan. Unit 20. Vocabulary on “Power and Social Issues”</li> <li>• Keynote Proficiency. National Geographic Learning. Unidade 7: páxs 76-77 (The Danger of a Single Story)</li> </ul>		
<p><b>Obxectivos xerais</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e comprender a realidade social das minorías</li> <li>• Discutir historicamente a situación e rol social da muller</li> <li>• Debatir e procurar solucións para problemas sociais acuciantes (a vivienda, a xentrificación, etc.)</li> </ul>		
<p>Escribe textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse sen ningunha limitación, con gran riqueza estrutural e léxica e con total corrección.</p> <p>Escribe textos complexos con claridade e fluidez, cun estilo apropiado e eficaz e unha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a encontrar as ideas significativas, exentos de erros e nos cales transmite con precisión sutís matices de significado, incluídos os usos alusivos do idioma.</p> <p>Coñece en profundidade as implicacións socioculturais que pode ter o que escribe e a maneira de o dicir e actúa en consecuencia, adaptándose de forma natural á situación e á persoa destinataria, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, comunicándose con naturalidade, eficacia e precisión, utilizando diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e expresando matices sutís coa axuda dunha ampla gama de expresións idiomáticas, coloquiais, rexionais e de argot.</p> <p>Pode expresarse por escrito de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística.</p> <p>Pode escribir sobre asuntos complexos ou delicados sen resultar inconveniente.</p> <p>Utiliza correcta e adecuadamente todo tipo de estratexias e recursos para controlar e reparar o seu texto escrito, axustándoos con eficacia, naturalidade e precisión a un contexto complexo específico, incluso especializado.</p> <p>Saca proveito dun dominio amplo e fiable dun completo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, poñer énfase, diferenciar e eliminar a ambigüidade, sen manifestar ningunha limitación do que quere dicir.</p>	<p>Escribe textos complexos extensos e de calidade, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permite expresarse con moi poucas limitacións, con notable riqueza estrutural e léxica e con total corrección na maioría dos casos.</p> <p>Escribe textos complexos con claridade e fluidez, cun estilo apropiado e eficaz e unha estrutura lóxica que lle axudan ao/á lector/a a encontrar as ideas significativas, case exentos de erros e nos cales transmite con bastante precisión sutís matices de significado, incluídos os usos alusivos do idioma.</p> <p>Coñece moi ben as implicacións socioculturais que pode ter o que escribe e a maneira de o dicir e actúa en consecuencia, adaptándose de forma natural á situación e á persoa destinataria, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias, comunicándose con naturalidade, eficacia e precisión, utilizando diferentes variedades da lingua e distintos rexistros segundo o contexto específico de comunicación e expresando matices sutís coa axuda dunha gama considerable de expresións idiomáticas, coloquiais, rexionais e de argot.</p> <p>Pode expresarse por escrito de forma conscientemente irónica, ambigua ou humorística, aínda que con ocasional dificultade.</p> <p>Pode escribir sobre asuntos complexos ou delicados sen resultar inconveniente na maioría dos contextos.</p> <p>Utiliza correcta e adecuadamente moitas estratexias e recursos para controlar e reparar o seu texto escrito, axustándoos con eficacia, naturalidade e precisión a un contexto complexo específico, incluso especializado.</p> <p>Saca proveito dun dominio bo e fiable dun completo repertorio de elementos lingüísticos para formular pensamentos con precisión, poñer énfase, diferenciar e eliminar a</p>

Crea textos escritos coherentes e cohesionados facendo un uso completo e apropiado dunha variedade de criterios de organización e dunha gran diversidade de mecanismos de cohesión.

Leva a cabo as funcións comunicativas ou os actos de fala correspondentes, utilizando os expoñentes das ditas funcións, formal e conceptualmente complexos, máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, incluso especializado, propios da lingua escrita, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne).

Comunica con total certeza información complexa e detallada.

Pode dar explicacións coherentes de carácter teórico.

Realiza descripcións claras e detalladas e, a miúdo, destacables.

Realiza narracións detalladas integrando varios temas, desenvolvendo aspectos concretos e terminando cunha conclusión apropiada.

Presenta ideas e puntos de vista de maneira moi flexible co fin de poñelos de relevo, diferencialos e eliminar a ambigüidade.

Argumenta sobre un asunto complexo adaptando a estrutura, contido e énfase co fin de convencer da validez da súa postura a distintos tipos de persoas destinatarias.

Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos das persoas coas que mantén correspondencia con soltura e de maneira convincente.

Utiliza sen problemas e sen erros as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluso aquelas formal e conceptualmente complexas e con efectos comunicativos máis sutís, incluíndo variacións sintácticas de carácter estilístico, por exemplo,

ambigüidade, sen manifestar case ningunha limitación do que quere dicir. Crea textos escritos coherentes e cohesionados facendo un uso bastante completo e apropiado dunha variedade de criterios de organización e dunha boa diversidade de mecanismos de cohesión.

Leva a cabo as funcións comunicativas ou os actos de fala correspondentes, utilizando os expoñentes das ditas funcións, formal e conceptualmente complexos, máis adecuados para cada contexto comunicativo específico, incluso especializado, propios da lingua escrita, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, en calquera rexistro (íntimo, familiar, informal, neutro, formal, solemne), aínda que xurdan puntuais dificultades en certos contextos.

Comunica con notable certeza información complexa e detallada.

Pode dar explicacións bastante coherentes de carácter teórico.

Realiza descripcións claras e detalladas e ocasionalmente destacables.

Realiza narracións bastante detalladas integrando varios temas, desenvolvendo aspectos concretos e terminando cunha conclusión apropiada.

Presenta ideas e puntos de vista de maneira bastante flexible co fin de poñelos de relevo, diferencialos e eliminar a ambigüidade.

Argumenta con bastante solvencia sobre un asunto complexo adaptando a estrutura, contido e énfase co fin de convencer da validez da súa postura a distintos tipos de persoas destinatarias.

Expresa e argumenta as súas ideas e opinións con claridade e precisión e rebate os argumentos das persoas coas que mantén correspondencia con bastante soltura e de maneira xeralmente convincente.

Utiliza case sen problemas e sen erros as estruturas gramaticais propias da lingua escrita, incluso aquelas formal e conceptualmente complexas e con efectos comunicativos máis sutís, incluíndo variacións sintácticas de

<p>estruturas pasivas.</p> <p>Utiliza con consistencia un vocabulario correcto e apropiado, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, e unha ampla gama de expresións co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir e transmite con precisión matices sutís de significado mediante o uso dunha ampla serie de elementos cualificativos e de procedementos de modificación, por exemplo, elementos que expresan grao, ou cláusulas que expresan limitacións.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta, tanto de carácter xeral como máis específico, e incluso especializado, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación; se acaso, pode presentar algún descoido tipográfico ocasional.</p> <p>Relaciónase coa persoa destinataria con total naturalidade, flexibilidade e eficacia.</p>	<p>carácter estilístico, por exemplo, estruturas pasivas.</p> <p>Utiliza con bastante consistencia un vocabulario correcto e apropiado, incluídos modismos, coloquialismos, variantes lingüísticas e argot, e unha gama considerable de expresións co fin de enriquecer, matizar e precisar o que quere dicir e transmite con precisión matices sutís de significado mediante o uso dunha ampla serie de elementos cualificativos e de procedementos de modificación, por exemplo, elementos que expresan grao, ou cláusulas que expresan limitacións.</p> <p>Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua meta, tanto de carácter xeral como máis específico, e incluso especializado, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación; Poden rexistrarse algúns descoidos tipográficos en determinados contextos.</p> <p>Relaciónase coa persoa destinataria con un elevado nivel de naturalidade, flexibilidade e eficacia.</p>
--	---

## Mediación

DESCRICIÓN DO NIVEL	MÍNIMOS ESIXIBLES
<p>Trasladar oralmente coa precisión necesaria o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto</p>	<p>Trasladar oralmente coa precisión necesaria o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto</p>

implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos orais ou escritos de alta complexidade estrutural ou conceptual, ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e rexistro, así como matices de intencionalidade.

Parafrasear e resumir en forma oral información e ideas provenientes de diversas fontes, reconstruíndo argumentos e feitos coa debida precisión, de maneira coherente e sen omitir detalles importantes nin incluír detalles ou elementos innecesarios, con naturalidade e eficacia.

Mediar con eficacia e total naturalidade entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en calquera situación, incluso de carácter delicado ou conflictivo, tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais e reaccionando en consecuencia.

Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, con notable precisión e estruturación, durante unha conferencia, reunión, debate ou seminario claramente estruturados e sobre temas complexos dentro ou fóra do propio campo de especialización.

Trasladar por escrito coa debida precisión o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos escritos ou orais de alta complexidade estrutural ou conceptual ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e de rexistro, así como matices de intencionalidade.

Parafrasear e resumir en forma escrita, con total corrección e eficacia, de maneira coherente e sen incluír detalles irrelevantes, información e

implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos orais ou escritos de considerable complexidade estrutural ou conceptual, ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e rexistro, así como matices de intencionalidade.

Parafrasear e resumir en forma oral información e ideas provenientes de diversas fontes, reconstruíndo argumentos e feitos coa debida precisión, de maneira coherente e con ocasionais omisións ou mención de elementos innecesarios, con bastante naturalidade e eficacia.

Mediar con eficacia e notable naturalidade entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, en calquera situación, incluso de carácter delicado ou conflictivo, tendo en conta as diferenzas e as implicacións sociolingüísticas e socioculturais e reaccionando en consecuencia.

Tomar notas escritas detalladas para terceiras persoas, con bastante precisión e estruturación, durante unha conferencia, reunión, debate ou seminario claramente estruturados e sobre temas complexos dentro ou fóra do propio campo de especialización, aínda que con ocasionais dificultades neste último caso.

Trasladar por escrito coa debida precisión o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas, así como as posibles implicacións, de textos escritos ou orais de notable complexidade estrutural ou conceptual ou que presenten trazos idiosincráticos (variantes lingüísticas, linguaxe literaria, léxico especializado...), identificando as diferenzas de estilo e de rexistro, así como matices de intencionalidade.

Parafrasear e resumir en forma escrita, con elevado nivel de corrección e eficacia, de maneira coherente e con

<p>ideas contidas en diversas fontes, trasladando de maneira fiable información detallada e argumentos complexos.</p>	<p>moi ocasionais irrelevancias, información e ideas contidas en diversas fontes, trasladando de maneira fiable información detallada e argumentos complexos.          Transmite con certeza información complexa e detallada, así como os aspectos sutís das posturas, opinións e implicacións contidas nos textos fonte (orais ou escritos).</p>

## 2.4 CURSOS SEMIPRESENCIAS E CURSOS INTEGRADOS

### 2.4.1 CURSOS SEMIPRESENCIAIS

O departamento de inglés imparte cursos semipresenciais dos niveis B2.1, B2.2, C1.1, C1.2 e C2. A metade da docencia impártese nunha única sesión presencial á semana, que se dedica principalmente a traballar a produción e mediación orais. A outra metade da carga lectiva desenvólvese nunha aula virtual, na que o alumnado traballa as distintas actividades de lingua de maneira autónoma co apoio e orientación do profesorado.

Esta modalidade de docencia require por parte do alumnado certo grao de autonomía como aprendiz de linguas, así como coñecementos básicos de informática para desenvolverse nunha contorna de ensino virtual. O único equipamento necesario é un ordenador con conexión a internet.

Os contidos destes cursos son similares aos dos cursos ordinarios pero a temporalización pode ser diferente dado que a orde das unidades da plataforma online non coincide con a orde dos cursos ordinarios.

### 2.4.2 CURSOS INTEGRADOS A1/A2

O curso integrado niveis A1/A2 está dirixido a alumnado non principiante que pode alcanzar os obxectivos do nivel A2 nun curso escolar. A o final de curso o alumnado haberá acadado o nivel definido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER) como nivel de usuario básico.

O feito de que A2 recolle contidos e tarefas de A1 fai factible poder impartir os dous cursos de xeito integrado, sempre e cando o alumnado non sexa principiante absoluto. Ata o mes de decembro daranse os contidos gramaticais e lexicais máis importantes do nivel A1, xunto coas estratexias de aprendizaxe e características fonéticos da lingua. Todo isto será a base para acometer tarefas propias de A2 no mes de xaneiro. No mes de decembro o alumnado fará unha proba de final de A1, que servirá como avaliación formativa para o alumnado e profesora. Dende o mes de febreiro ata maio, o alumnado fará simulacros de exame do nivel A2, como se ven facendo nun curso A2 ordinario.

A maior dificultade esperada é conseguir unha dinámica de aula apropiada para a metodoloxía da escola, unha



metodoloxía comunicativa, para a que non todo o alumnado adulto está preparado. Isto xunto co o uso do inglés na aula preséntase como a maior dificultade, pois esta é a función principal do curso A1.

### 3. METODOLOXÍA

Tendo en conta os principios metodolóxicos expresados no artigo 7, do Decreto 81 / 2018 do 19 de xuño, que á súa vez recollen os do Consello de Europa desenvolto no MECR, as ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel. Trátase dun enfoque orientado a acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón tamén en todas as capacidades do individuo que le axuden a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e fomenta a súa autonomía para que poida aproveitar todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación na aula e fóra dela.

Para acadar o desenvolvemento da competencia comunicativa na aula propóñense actividades e tarefas que simulan situacións comunicativas reais fóra da aula, contando coa axuda de materiais auténticos (textos, documentos, gravacións, filmacións, etc.).

Así mesmo, propónse un enfoque metodolóxico procesual e centrado no aprendiz na medida en que se terán en conta os intereses, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado para a selección e secuenciación de tarefas e materiais, dentro do marco curricular no que se desenvolven os cursos da EOI.

Usamos a lingua obxecto de aprendizaxe como vehículo de comunicación na clase. Ao facermos isto, estamos ofrecendo aos estudantes input adicional na lingua que aprenden e modelos lingüísticos que poden imitar, e estamos esixindo o uso comunicativo da lingua nunha situación real de comunicación. Aínda que o uso doutras linguas na clase poida non estar totalmente excluído, especialmente no nivel básico 1 con estudantes que parten de cero, a súa presenza deberá ser sempre ocasional, e por tanto considerabelmente menor que a presenza da lingua que se está a aprender.

Consideramos a gramática (entendendo por “gramática” calquera forma de descrición metalingüística) un medio, nunca unha finalidade ou un obxectivo en si mesma.

Consideramos que o erro é natural e necesario para a aprendizaxe. O obxectivo non é a perfección, senón a eficacia comunicativa cos instrumentos que se teñen en cada nivel.

### 4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

#### **Medidas de atención á diversidade**

Os centros de ensino de idiomas deben ser lugares para a adquisición e a creación de coñecemento de linguas e culturas, accesibles a todo tipo de aprendiz, nos que se potencie a capacidade de aprendizaxe autónoma do alumnado para que este poida ser activo, participativo e capaz de crear coñecemento adecuado tanto aos seus propios intereses como ao seu perfil de aprendiz.

As seguintes accións educativas axudan a dar resposta, tanto ao alumnado que dentro dun mesmo curso presenta diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, como ao alumnado con diversidade funcional.

Dinámicas de grupo: a formación de grupos de traballo unhas veces por similitude de estilos de aprendizaxe ou de idades, e outras combinando nun mesmo grupo estilos, idades e capacidades diferentes.

O traballo por proxectos, nos que todos poden contribuír coas súas fortalezas para a realización do produto final.

O traballo por secuencias de tarefas de distinto grao de dificultade e temporalización (diferentes itinerarios de aprendizaxe), relacionadas co mesmo obxectivo, de xeito que cada alumno poida escoller o seu propio ritmo e nivel de dificultade.

#### **A atención individualizada nas titorías.**

Atención individualizada co profesor de apoio que adica súas horas de reforzo a colaborar cun compañeiro que ten alumnado con necesidades especiais de apoio na aula.

O uso das TIC como ferramenta de auto-aprendizaxe, que lle permite ao alumnado determinar o seu propio ritmo e seus intereses, unha relación co erro menos pública mediante a realización de actividades auto-corrixibles, ou a interacción real a través da rede con outros usuarios da lingua.

A atención individualizada ao alumnado con discapacidade auditiva, proporcionándolle auriculares, permitíndolle repetir as escoitas ou falándolle cunha vocalización e volume máis adaptado ás súas necesidades.

A atención individualizada ao alumnado con discapacidade de visión, proporcionándolle materiais coa letra ampliada, e no caso de cegueira, mediando coa ONCE para a transcripción de materiais ao sistema Braille.

A atención individualizada ao alumnado con discapacidade física, proporcionándolle un espazo de traballo adecuado as súas necesidades.

A atención individualizada ao alumnado con discapacidade psíquica, tendo en conta as dificultades particulares de cada alumna/o.

#### **Adaptación de probas para o alumnado con discapacidade**

A organización e aplicación das probas para a obtención das certificacións e para promocionar de curso por parte do alumnado con discapacidade basearase no principio de igualdade de oportunidades, non discriminación e compensación de desvantaxes. Así, na realización das probas deberanse adaptar, se é o caso, a duración e as condicións de realización delas.

O alumnado nestas circunstancias deberá, no momento da matrícula, achegar a documentación acreditativa da súa discapacidade e cubrir a documentación fornecida pola escola oficial de idiomas que será quen comunique isto, para as adaptacións pertinentes, aos equipos de orientación específicos que dependen da Delegación Provincial de Educación respectiva.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Lexislación de referencia**

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, parcialmente modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, para a modificación da LOE regula, nos seus artigos 59 a 62, as ensinanzas de idiomas de réxime especial. Polo que respecta á certificación destas ensinanzas, no seu artigo 61.1, determina que a superación das esixencias académicas establecidas para cada un dos niveis dará dereito á obtención do certificado correspondente, cuxos aspectos se establecerán na definición dos aspectos básicos do

currículo das distintas linguas. Así mesmo, no artigo 61.2, establece que a avaliación do alumnado que curse estudos nas escolas oficiais de idiomas será feita polo profesorado respectivo e que as administracións educativas regularán as probas terminais, que realizará o profesorado, para a obtención dos certificados dos niveis básico, intermedio e avanzado.

- O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto, determina, no seu artigo 7.3, que as probas de certificación correspondentes a estas ensinanzas, cuxa organización regularán as administracións educativas, elaboraranse, administraranse e avaliaranse segundo uns estándares que garantan a súa validez, fiabilidade, viabilidade, equidade, transparencia e impacto positivo, así como o dereito do alumnado a ser avaliado con plena obxectividade; e que o Goberno, previa consulta coas comunidades autónomas, establecerá os principios básicos comúns de avaliación co fin de garantir o cumprimento dos requisitos de calidade mencionados.

- O Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial regula os principios básicos comúns que rexerán o deseño, a elaboración, a administración, e a avaliación e cualificación das probas de certificación oficial dos ditos niveis, así como a publicación dos resultados e os procedementos de reclamación sobre as cualificacións.

- O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia establece, no seu artigo 11, que para obter os certificados dos ditos niveis será necesaria a superación dunhas probas específicas de certificación, que se elaborarán, se administrarán e se avaliarán nas condicións que a consellería competente en materia de educación determine, de acordo cos estándares que estableza o Goberno, e que a elaboración, administración e avaliación destas probas lle corresponde ao profesorado das escolas oficiais de idiomas, nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación.

- A Circular 2/2022 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se regulan as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial polo réxime oficial para o curso 2021/22. serve como referencia para a organización das probas mentres non se publiquen as correspondentes instrucións para o ano en curso.

## 5.2. Natureza da avaliación

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación por actividades de lingua do nivel básico, intermedio e avanzado figuran no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado afrontará o proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

### **5.2.1. Avaliación inicial (ou de diagnóstico)**

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

É recomendable realizara tamén unha avaliación inicial sobre a competencia tecnolóxica do alumnado, co obxecto de identificar a aqueles non preparados para seguir unha clase en liña ou comprender a dinámica dunha aula virtual e poder mellorar esa destreza.

### **5.2.2. Avaliación de progreso (ou formativa)**

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas.

A avaliación formativa aplicarase en todos os cursos e ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Avaliarase o progreso e logro de obxectivos do alumnado de forma frecuente e interactiva mediante procesos de observación na aula e recollida e avaliación sistemática de tarefas. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos. Fomentarase a autoavaliación e co-avalación a través da implantación do Portfolio Europeo de Linguas nas aulas. (<http://sepie.es/iniciativas/portfolio/index.html>)

### **5.2.3. Avaliación de promoción (ou sumativa)**

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

#### **Proba de promoción**

Nos cursos de promoción o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo departamento correspondente, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso. Esta proba realizarase ao finalizar o curso, na segunda quincena de maio en convocatoria

ordinaria e na segunda quincena do mes de xuño en convocatoria extraordinaria. As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente

A proba de promoción terá un valor porcentual do 100% respecto da cualificación final do curso. Para promocionar de curso o alumnado terá que superar todas as actividades de lingua establecidas no currículo de cada curso do nivel correspondente.

Unha vez que o alumnado teña superado esta proba final, a súa cualificación poderá verse incrementada pola valoración da participación e rendemento do alumnado na aula que poderá supor ata un 10% da cualificación final do curso.

Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. Esta proba terá un valor do 100% para todo o alumnado.

De non obter a cualificación de apto en todas as actividades de lingua na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

#### **Puntuación e estrutura da proba de promoción e avaliación final do alumnado**

Para os cursos de promoción do nivel básico, a puntuación total da proba de promoción será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba (comprensión de textos orais; produción e coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción e coprodución e mediación escrita) terá un valor de 25 puntos. A cualificación da proba será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

Para os cursos de promoción dos niveis intermedio e avanzado, a puntuación total da proba de promoción será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Ditas partes son: Comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaranse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% (81,25 puntos) na puntuación total da proba.

Cómpre lembrar que o alumno pode mellorar os seus resultados de promoción coa aplicación de ata o 10% por participación e rendemento do alumnado na aula.

O alumnado de Básico que non supere a convocatoria ordinaria, poderá examinarse das actividades de lingua suspensas na convocatoria extraordinaria.

O alumnado de Intermedio e Avanzado, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera os 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

#### **5.2.4. Avaliación certificadora**

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

### **Probas de certificación**

Terán lugar, con carácter xeral, na primeira quincena do mes de xuño en convocatoria ordinaria e a partir do 20 de xuño en convocatoria extraordinaria, nas datas que indique a Consellería e que poderán consultarse na páxina web e nos taboleiros da escola, cando sexan establecidas.

Terá un valor do 100% na cualificación do alumnado. Para superar a proba o alumnado terá que

aprobar todas as partes da proba. A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Para o nivel básico A2, a puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba (comprensión de textos orais; produción e coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción e coprodución e mediación escrita) terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

Para os niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Ditas partes son: Comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaranse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa a mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% (81,25 puntos) na puntuación total da proba.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos). Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Alumnado libre: A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa organizará unha convocatoria das probas para a obtención dos certificados de nivel básico A2, intermedio B1, intermedio B2 e avanzado C1 para o alumnado libre.

As probas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza.

Características, duración e partes das probas

As características das probas de certificación poden consultarse nas guías informativas e de especificacións das probas de certificación que publica anualmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O documento pódese descargar da páxina web da EOI de Vigo unha vez publicado.

### 5.2.5. A autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

A avaliación da programación terá en conta os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica etc.)
- A coordinación co resto do profesorado

Procedementos para avaliar o desenvolvemento das programacións didácticas durante o curso académico

A través das reunións periódicas de coordinación, o departamento fará un seguimento do desenvolvemento da programación e reflectirá nos protocolos de seguimento ou nas actas das reunións de coordinación as propostas de modificación necesarias para adecuar a programación ás necesidades do alumnado.

Estas propostas de modificación realizaranse tras unha reflexión sistemática sobre o grao de adecuación dos distintos elementos que integran a programación:

- a organización de contidos en unidades é adecuada na súa selección e temporalización?
- os contidos propostos adecúanse ao nivel?
- hai redundancias ou contidos irrelevantes?
- o desenvolvemento das unidades da programación responde ao enfoque metodolóxico proposto?
- os obxectivos propostos concrétnanse nas unidades da programación e cobren todos os aspectos do currículo?
- a proposta de tarefas e actividades considera diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe?
- o tempo asignado para cada unidade é adecuado?
- a programación adecúase aos obxectivos de avaliación propostos nas tarefas de certificación?
- están claros os criterios mínimos de avaliación?
- os procedementos e instrumentos de avaliación e cualificación son claros, eficaces e adecuados para avaliar a adquisición e dominio dos contidos?
- existe un bo nivel de estandarización na aplicación dos criterios no departamento?
- utilizamos a autoavaliación e coevaluación para fomentar a autonomía e responsabilidade do alumnado no seu proceso de aprendizaxe?



- os recursos didácticos, materiais, libros de texto etc, son adecuados e responden ao criterio de autenticidade?

A través de reunións de departamento trala análise das estatísticas dos resultados da avaliación de promoción e certificación.

Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica ou a súa implementación.

A través da memoria final de departamento, na que se consignarán todos os aspectos a reformar que serán tidos en conta na actualización das programacións do seguinte curso.

Procedementos para identificar e canalizar as necesidades de formación do profesorado.

A Lei orgánica de educación (LOE), no seu artigo 1, establece entre os principios do sistema educativo o fomento da investigación, da experimentación e da innovación educativa. Igualmente, no artigo 91 considérase entre as funcións do profesorado a investigación, a experimentación e a mellora continuada dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A contribución do profesorado na innovación educativa implica a participación do departamento en congresos e reunións científicas do ámbito profesional e en redes e proxectos de investigación nacionais e internacionais –como poden ser os proxectos europeos.

Para reforzar, ao mesmo tempo, a formación do departamento en determinados ámbitos e reforzar e lograr tanto os obxectivos concretados na programación didáctica como os nosos persoais, identificaranse ao inicio do curso os plans de formación necesarios -que poden ir desde o deseño da mesma programación ata a utilización das TIC, o deseño de tarefas comunicativas e de probas de avaliación, etc.

Os departamentos achegarán propostas ao equipo directivo para incluír no plan de formación do profesorado. As propostas basearanse nos resultados da observación, reflexión, debate e enquisas ao profesorado.

### **Procedementos para realizar a avaliación interna do profesorado do departamento**

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

**Observación:** a simple observación persoal sobre o funcionamento do departamento e os comentarios do alumnado permítenos detectar problemas, erros e carencias así como valorar acertos.

#### **Reflexión e debate:**

nas reunións de departamento nas reunións de coordinación nas CCP

Enquisas ao alumnado e ao profesorado. As enquisas deberán ser anónimas e breves.

Un modelo de enquisa relativo á avaliación interna do departamento por parte do profesorado pode ser o seguinte:

Como podemos mellorar o noso departamento? Por favor, marca os seguintes aspectos do 1 ao 5, sendo 1 a valoración máis baixa e 5 a máis alta.	
1. Actividades culturais: Como pode mellorar?	
2. Recursos didácticos: Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
3. Bancos de tarefas compartidos Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
4. Xestión da documentación de departamento Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
5 Plataforma virtual do departamento (Aula Cesga/Moodle) Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
6. Reparto das tarefas de departamento nas HAD Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
7. Reunións de departamento/coordinación: Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
8. Organización dos exames: Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
9. Procesos de estandarización Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
10. Comunicación co/a xefe/a do departamento Como pode mellorar?	1 2 3 4 5
11. Outros	

### 5.2.6 Características, duración e partes das probas de promoción

#### EXEMPLO BÁSICO

(adaptado ás novas especificacións)

ACTIVIDADES DE LINGUA	PUNTUACIÓN	DURACIÓN MÁXIMA	N.º de Tarefas	TIPOS DE TAREFA
Comprensión de textos escritos	25	50 min	3 tarefas	Emparellamento sinxelo Verdadeiro/falso Opción múltiple
Comprensión de textos orais	25	30 min	3 tarefas	Emparellamento sinxelo Completar cadro ou esquema/contestar preguntas de resposta breve Opción múltiple

Producción, coproducción e mediación escrita	25	50 min	2 tarefas	Coproducción escrita e mediación (70-90 palabras, Producción escrita (80-100 palabras)
Producción, coproducción e mediación oral	25	15 min por parella	2 tarefas (en parella)	Producción oral seme-guiada: falar sobre un tema cotiá, respondendo, se fose necesario as preguntas do profesor. Coproducción e mediación oral: conversa entre 2 persoas, baseada nunha situación comunicativa verosímil da vida cotiá

### EXEMPLO INTERMEDIO B1

#### 1 (adaptado ás novas especificacións para idiomas que teñen cursos de promoción de B1)

ACTIVIDADES DE LINGUA	PUNTUACIÓN	DURACIÓN MÁXIMA	N.º de Tarefas	TIPOS DE TAREFA
Comprensión de textos escritos	25	60 min	4	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: Emparellamento sinxelo Emparellamento múltiple Verdadeiro/falso Opción múltiple
Comprensión de textos orais	25	40 min	4	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: Emparellamento sinxelo Completar enunciado/táboa/gráfico / contestar preguntas de resposta breve Verdadeiro/falso Opción múltiple
Producción e coproducción escrita	25	70 min + 20 min mediación	2 tarefas guiadas e contextualizadas + (1 tarefa mediación)	Producción escrita 1 texto descritivo, narrativo ou expositivo (Entre 120 e 150 palabras aprox., Coproducción escrita -1 texto con formato correspondencia (Entre 100 e 130 palabras aprox., Tarefa de mediación 50-60 palabras
Producción e coproducción oral	25	20 minutos	2 tarefas + (1 tarefa mediación)	Producción oral Coproducción oral 1 monólogo 1 diálogo

Mediación oral e escrita	25	(incluído nos tempos de EE e EO)	2 tarefas	Seleccionar, resumir, explicar, transmitir, reformular, adaptar ou ampliar información
--------------------------	----	----------------------------------	-----------	--

**EXEMPLO INTERMEDIO B2****2** (adaptado ás novas especificacións para idiomas que teñen cursos de promoción de B2)

<b>ACTIVIDADES DE LINGUA</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>DURACIÓN MÁXIMA</b>	<b>N.º de Tarefas</b>	<b>TIPOS DE TAREFA</b>
Comprensión de textos escritos	25	60 min	4	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: Emparellamento sinxelo Emparellamento múltiple Verdadeiro/falso Opción múltiple
Comprensión de textos orais	25	40 min	3	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: Emparellamento sinxelo Contestar preguntas de resposta breve ou completar diagrama ou enunciado. Opción múltiple
Producción e coprodución escrita	25	80 min  (20 min mediación escrita)	2 tarefas guiadas e contextualizadas + (1 tarefa mediación)	Coprodución escrita Cartas, mensaxes electrónicos (Entre 120 e 150 palabras aprox., Producción escrita – Texto de opinión, carta al director, entrada blob. (Entre 150 e 180 palabras aprox.
Producción e coprodución oral	25	20 minutos	2 tarefas + (1 tarefa mediación)	Producción oral Coprodución oral 1 monólogo 1 diálogo
Mediación oral e escrita	25	(incluído nos tempos de EE e EO)	2 tarefas	Seleccionar, resumir, sintetizar, explicar, transmitir, reformular, adaptar ou ampliar información. (Tarefa de mediación escrita de 60-70 palabras,) (Tarefa de mediación oral 2 minutos)

## EXEMPLO AVANZADO C1

(adaptado ás novas especificacións para idiomas que teñen cursos de promoción de C1)

ACTIVIDADES DE LINGUA	PUNTUACIÓN	DURACIÓN MÁXIMA	N.º mínimo de Tarefas	TIPOS DE TAREFA
Comprensión de textos escritos	25	60 min	3	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: -Emparellar textos -Verdadeiro falso justificado -Elección múltiple
Comprensión de textos orais	25	45 min	3	Tarefas de comprensión global e comprensión de detalle coa seguinte tipoloxía: -Emparellar -Completar, tomar notas. -Elección múltiple
Producción e coproducción escrita	25	80 min (+20 mediación)	2	Carta, mensaxe electrónico ou proposta (Entre 120 e 150 palabras) Texto de opinión, carta a director, informe, (180 e 210 palabras)
Producción e coproducción oral	25	17 min, (+8 min mediación)	2	Producción oral 1 monólogo Coproducción oral 1 diálogo
Mediación oral e escrita	25	(incluído nos tempos de EE e EO)	2	Seleccionar, analizar, resumir, explicar, reformular, adaptar ou interpretar información. (mediación escrita 60-70 palabras) (mediación oral 2 minutos)

